

As entidades colaboradoras de adopción internacional

Que son?

Como funcionan?

Para que sirven?



XUNTA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

As entidades colaboradoras de adopción internacional

Que son?

Como funcionan?

Para que sirven?

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Familia e Inclusión
Subdirección Xeral de Familia e Menores
Santiago de Compostela, 2013

1ª Edición 2013

Texto

Ana Cerqueiro Núñez. Psicóloga

Edita

Xunta de Galicia, Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión

Subdirección Xeral de Familia e Menores

Presentación

O procedemento de adopción internacional é un sistema complexo e dinámico no que interveñen distintas normativas, distintas autoridades competentes, persoas e institucións con diferentes funcións e obxectivos, e mesmo, ás veces, distintas concepcións sobre a familia. Todos estes elementos deben conxugarse na procura da máxima garantía na protección dos dereitos da infancia e a promoción do seu interese superior.

Estas características fan imprescindible que as persoas que teñan intención de iniciar unha adopción internacional contén con información e formación suficiente que lles permita axustar o seu coñecemento, información e expectativas á realidade deste proceso.

Sen dúbida un dos axentes especializados sobre os que descansa gran parte da responsabilidade na información, formación, acompañamento e asesoramento das familias son as entidades colaboradoras de adopción internacional. O Convenio da Haia, do 29 de maio de 1993, sobre a protección do neno e a cooperación en materia de adopción internacional, prevé a posibilidade de que as funcións que lles corresponden ás autoridades estatais competentes en materia de adopción internacional poidan ser encomendadas a organismos debidamente acreditados. Estes organismos deben cumprir as condicións de integridade, competencia profesional, experiencia e responsabilidade, e estar capacitadas pola súa cualificación ética e pola súa formación ou experiencia para traballar no ámbito da adopción internacional.

Con esta guía pretendemos axudar as persoas que se dirixen á adopción internacional a coñecer e comprender cal é o papel destas entidades no proceso de intermediación: que condicións deben cumprir, cales son as súas funcións, cales as súas obrigas e tamén os seus dereitos.

Deste xeito continuamos avanzando no camiño iniciado en 2011, coa posta en marcha do Portal Galego de Adopcións, coa intención de ofrecer a axuda necesaria a todas as persoas que deciden emprender un proceso de adopción para que poidan facelo con seguridade e responsabilidade.

María Amparo González Méndez

Directora xeral de Familia e Inclusión

Índice

• Obxecto da guía.....	5
• Como se tramita un expediente de adopción internacional?	6
• Compatibilidades e incompatibilidades na tramitación dos expedientes de adopción	8
• Que son as ECAI?	9
• As ECAI e as súas funcións	10
As ECAI de Galicia.....	11
• A habilitación dunha ECAI en Galicia.....	12
Quen habilita unha ECAI?.....	12
Que requisitos ten que cumprir?	13
A duración da habilitación	14
• Como elixir entre as distintas ECAI?	15
E, se non hai ECAI en Galicia... ..	16
• Coñezamos unha ECAI por dentro	17
O horario	17
O local	17
O persoal en España e no país de orixe	17
Documentación a disposición das persoas usuarias	18
• A información e a formación.....	19
A información.....	19
A formación.....	20
• A tramitación do seu expediente pola ECAI.....	21
Información e aceptación	21
Recepción do expediente e sinatura do contrato	22
Recompilación da documentación e envío ao país	24
O tempo de espera.....	25
Aceptación polo país e asignación da ou do menor.....	26
Desprazamento ao país.....	27
A constitución da adopción.....	28
A inscrición no rexistro.....	28
• O deber de confidencialidade	31
• O custo da adopción.....	32
Os custos de intermediación.....	32
Como e onde realizar o pagamento	36
• E despois da adopción?	37
Os seguimentos post-adoptivos.....	37
• A finalización do contrato e a liquidación	40
A finalización do contrato	40

A liquidación do contrato.....	40
• Suxestións, queixas e reclamacións	42
• 30 preguntas das familias sobre as ECAI	43
• Normativa	50
• Glosario	52

ANEXOS:

• Listado das ECAI habilitadas en Galicia	55
• Cuestionario adoptantes sobre o funcionamento da ECAI	57
• Modelo de contrato de intermediación en adopción internacional da Comunidade Autónoma de Galicia	61
• Ligazóns na internet	76

O bxecto da guía

Para que as persoas solicitantes de adopción internacional poidan tramitar con garantías a súa solicitude é preciso que coñezan como se desenvolve o procedemento e que organismos ou entidades poden estar implicados.

Esta guía xorde coa finalidade de axudar as persoas solicitantes en Galicia a coñecer máis en profundidade que son as entidades colaboradoras de adopción internacional (ECAI) e en que consiste o seu labor.

Pretende, en definitiva, dar resposta ás seguintes cuestións:

- Como se tramitan os expedientes de adopción internacional?
- Como elixir a forma de tramitar o expediente?
- Que é unha entidade colaboradora de adopción internacional?
- Que funcións desenvolve unha ECAI e cal é o seu funcionamento?
- Que obrigas ten a ECAI coas persoas solicitantes e que funcións non lle corresponden?
- Que dereitos e obrigas teñen as persoas solicitantes na súa relación coa ECAI?
- Cales son os custos de tramitar unha adopción a través dunha ECAI?

Como se tramita un expediente de adopción internacional?

O procedemento de tramitación axustarase ao que estableza a normativa internacional, estatal e autonómica aplicable e, especialmente, ao [Convenio da Haia, do 29 de maio de 1993, sobre a protección do neno e a cooperación en materia de adopción internacional](#), que establece as garantías necesarias para que as adopcións se realicen tendo en conta o interese superior das e dos menores e o respecto aos seus dereitos fundamentais. A autoridade central de cada Estado contratante será a responsable de que se cumpran as obrigas que o dito convenio impón.

España ratificou o Convenio da Haia o 11 de xullo de 1995 e estableceu 17 autoridades centrais diferentes, unha por cada comunidade autónoma. Así, en Galicia, a autoridade central é a Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

Para iniciar un expediente de adopción internacional, vostede (e a súa parella, se fose o caso) deberá asistir a unha **sesión informativa** sobre adopción ofrecida polas ou polos técnicos do equipo de adopcións na súa provincia de residencia e, con posterioridade, a un **curso de formación** de nove horas de duración. Ao remate do devandito curso, entrégaselle o impreso de solicitude e o listado de documentación que debe presentar para comezar o proceso de adopción.

Logo de presentar a súa **solicitude** (que debe formularse sempre para un país concreto que permita tramitar adopcións internacionais), realízase a valoración de idoneidade, que é un estudo psicolóxico e social que ten a finalidade de determinar se vostede posúe as capacidades necesarias para satisfacer as necesidades específicas das nenas e nenos que van ser adoptados.

Unha vez obtido o **certificado de idoneidade**, chega o momento de saber **como tramitar o expediente cara o país**.

Existen 2 vías:

1. **O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade (protocolo público):** as persoas solicitantes deben preparar toda a documentación do expediente e dirixila á Dirección Xeral de Familia e Inclusión para que, a través do Ministerio, a remita ao país de orixe e se coordine coas correspondentes autoridades para a tramitación.
2. **Unha entidade colaboradora de adopción internacional (ECAI):** a Dirección Xeral de Familia e Inclusión envía á ECAI os documentos administrativos e esta encárgase de completar o expediente e

remitilo á persoa que a represente no país de orixe para a súa presentación ante as autoridades competentes.

Cada país establece que vías de tramitación admite. Algúns só aceptan unha das vías ou exclúen expresamente outras. Así, hai países que só permiten a tramitación a través da ECAI, mentres outros non permiten esta vía.



É obrigatorio tramitar o expediente de adopción internacional a través dunha ECAI?

Non, excepto que o país así o esixa.

Hai países que só admiten tramitar o expediente de adopción a través dunha ECAI, outros prohiben de forma expresa a súa intervención e hainos que permiten elixir entre diversas vías.

No Portal Galego de Adopcións pode consultar que países permiten ou esixen que na tramitación interveña unha ECAI:

Ir ao Portal Galego de Adopcións

Ver enlace completo no anexo

Situación	Tramitación*
Tramítase	P.P., ECAI
Tramítase	ECAI
Tramítase	ECAI

Compatibilidades e incompatibilidades na tramitación dos expedientes de adopción

Vostede pode **tramitar simultaneamente** un expediente de **adopción nacional e outro de adopción internacional** (salvo que o país non o permita), pero **non pode**:

- Tramitar o mesmo expediente a través de varias vías (isto é, a través do Ministerio e ECAI, en dúas ECAI diferentes...).
- Tramitar ao mesmo tempo expedientes para varios países diferentes.

Unha vez que inicie os trámites dunha solicitude será necesario que finalice ou cancele o proceso para poder realizar unha nova solicitude no mesmo ou en diferente país.

Non obstante, **cando un país paralice** a tramitación de todos os expedientes de adopción internacional xa iniciados, sen que poida preverse unha continuación destes en prazo próximo, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión **poderá autorizar a tramitación dun segundo expediente** nun país distinto. Se, posteriormente, o país levántase a dita paralización, as persoas solicitantes deberán optar por un expediente e desistir do outro.



IMPORTANTE!

Vostede pode tramitar simultaneamente un expediente de adopción nacional e outro de adopción internacional (salvo que o país non o permita), **pero non pode**:

- Tramitar o mesmo expediente a través de varias vías.
- Tramitar ao mesmo tempo expedientes para varios países diferentes.

Que son as ECAI?

Son entidades colaboradoras de adopción internacional (ECAI) aquelas **entidades privadas sen ánimo de lucro** e legalmente constituídas, que recollen nos seus estatutos como fin a protección de menores e que, cumprindo os requisitos previstos na norma aplicable, teñen a correspondente habilitación da Xunta de Galicia para intervir en funcións de intermediación en adopción internacional.

Estas entidades están baixo a inspección, supervisión e control das entidades públicas (Xunta de Galicia), tal e como establece a [Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia](#) e o [Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, que refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia](#). En concreto, encárganse de realizar o dito control e supervisión a Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais e a Subdirección Xeral de Familia e Menores, dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

As ECAI e as súas funcións

O número das ECAI que traballan en España é amplo e, se ben pode existir certa variabilidade no seu funcionamento segundo a comunidade autónoma na que desenvolvan as súas funcións, todas **teñen unhas funcións obrigatorias**, conforme establece a [Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional](#) (artigo 6.2), aplicable en todo o Estado:

- Informar e asesorar as familias interesadas en adopción internacional.
- Intervir na tramitación de expedientes de adopción ante as autoridades competentes españolas e estranxeiras.
- Asesorar e apoiar as persoas solicitantes de adopción nos trámites que necesariamente deben realizar en España e no país de orixe da ou do menor.
- Intervir na tramitación e realizar as funcións postadoptivas establecidas no país de orixe da persoa menor adoptada, nos termos fixados pola entidade pública española que a acreditou (en Galicia, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión).

Pola súa banda, **non son funcións da ECAI**, conforme a nosa normativa autonómica...

- Recepcionar as solicitudes de adopción internacional, xa que esta función corresponde á Dirección Xeral de Familia e Inclusión.
- Emitir o certificado de idoneidade das persoas solicitantes, que é emitido pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión.
- Elixir as nenas e nenos que serán asignados á familia. O país de orixe é o encargado de realizar a dita función.
- Dar conformidade respecto á adecuación entre a e o menor asignado e a familia adoptante, función que leva a cabo a Dirección Xeral de Familia e Inclusión.
- Facer o labor dunha axencia de viaxes e organizar o traslado e estancia no país de orixe da persoa menor e o retorno a España. Este labor deberá realizalo e contratalo vostede pola súa conta, así como asumir os custos derivados del.

As ECAI de Galicia

As entidades habilitadas en Galicia tramitarán os expedientes das persoas solicitantes residentes nesta comunidade autónoma para o país ou países para os que estea habilitada e nos termos e condicións establecidas pola Dirección Xeral de Familia e Inclusión. A estes efectos, considéranse residentes aquelas persoas con domicilio efectivo en Galicia durante, polo menos, o ano anterior á solicitude.

Tamén poderá tramitar as solicitudes daquelas persoas emigrantes galegas con previsión de retorno, que deberán xustificar a súa residencia efectiva na comunidade autónoma no prazo máximo dun ano desde a data de presentación da solicitude.

Así mesmo, pode facerse cargo de expedientes procedentes doutras comunidades autónomas con habilitación expresa da Dirección Xeral de Familia e Inclusión caso por caso.

A habilitación dunha ECAI en Galicia

Quen habilita unha ECAI?

Cada ECAI pode tramitar expedientes nun ou máis países.

Para traballar nun país concreto, a entidade deberá:

- estar **habilitada para ese país** pola autoridade competente da **comunidade autónoma** (en Galicia, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión) e
- estar **autorizada polas autoridades** competentes do dito **país**.

Os criterios para a habilitación destas entidades, así como as normas que regulan o seu funcionamento e os mecanismos de seguimento e control regúlanse mediante a normativa de cada comunidade autónoma ([ver apartado de normativa](#))



A ECAI debe estar habilitada pola comunidade autónoma e autorizada polo país no que se vai tramitar o expediente.

A ECAI, como entidade prestadora de servizos sociais deberá, ademais, estar inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.

Vostede pode acceder á información contida neste rexistro a través da Internet e visualizar:

- A denominación da entidade e a súa forma xurídica.
- O enderezo e datos de contacto.
- O ámbito de actuación da entidade.
- O nome da persoa ou persoas que a representan legalmente.
- A data e o número de inscrición no Rexistro e, se fose o caso, a data de cancelación da inscrición.

As ECAI deben ter a disposición das persoas usuarias as habilitacións concedidas e os prezos dos servizos que prestan.



Tamén pode consultar o listado de ECAI e as datas das súas habilitacións e acreditación no Portal Galego de Adopcións.

**Ir ao Portal Galego
de Adopcións**

Ver enlace completo no anexo

Que requisitos ten que cumprir?

Para ser habilitada, a entidade colaboradora deberá cumprir os seguintes requisitos, establecidos no artigo 97 do [Decreto 42/2000](#):

- Estar **legalmente constituída** e inscrita nos rexistros oficiais que correspondan.
- Recoller nos seus **estatutos**:
 - a protección de menores como unha das súas finalidades,
 - os principios e as bases segundo os que van repercutir nas persoas solicitantes os gastos derivados da tramitación.
- Perseguir **fins non lucrativos**.
- Contar cunha **traxectoria** e aptitudes correctas e axeitadas.

- Garantir no seu proxecto de actuación o **respecto aos principios e normas** da adopción internacional.
- Garantir a debida **intervención dos organismos** do país estranxeiro no que vaia actuar.
- Contar cos **medios humanos e materiais** necesarios para realizar as súas funcións.
- Ter o seu **domicilio social en Galicia** (ou actuar a través dun establecemento radicado no territorio da comunidade autónoma) e representación no país estranxeiro para o que solicita a habilitación.
- Xustificar mediante un estudo económico os custos e gastos directos previstos derivados da tramitación das solicitudes e procesos de adopción internacional para acreditar que **non obtén beneficios indebidos**.

A duración da habilitación

A habilitación da ECAI ten, como norma xeral, unha duración de **2 anos** e prorrógase tacitamente por períodos anuais.

Porén, existen determinados supostos nos que se pode limitar ou anular a prórroga da habilitación:

- Se a ECAI solicita a súa baixa cunha antelación de 6 meses á data de vencemento desta.
- Se fose necesario reducir o número de entidades colaboradoras habilitadas para o mesmo país.
- Se o país de orixe establece un límite no número das ECAI que poden actuar no seu territorio.

Por outro lado, se a entidade deixa de cumprir os requisitos e condicións establecidos na normativa ou polo órgano que a habilitou, incumple algunha norma legal ou non tramita ningún expediente durante 2 anos, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión **pode deixar sen efecto a súa habilitación**.

Ademais, se a Dirección Xeral de Familia e Inclusión constatase ou previse que existe unha desproporción entre o número de expedientes en trámite e o número de asignacións que a entidade colaboradora está obtendo nun determinado país poderá acordar, de forma motivada, **suspender o envío de novos expedientes á dita ECAI**.

Como elixir entre as distintas ECAI?

A adopción constitúe un longo proceso no que hai que tomar moitas decisións que condicionarán a vida futura das persoas adoptantes. Un proceso cheo de ilusións e emocións, pero tamén de medos e incertidumes.

Unha vez elixido o país ao que vai dirixir a súa solicitude, deberá decidir como tramitala. Se vostede decide facelo a través dunha entidade colaboradora de adopción internacional, chega agora outra importante decisión: a elección da ECAI.

O primeiro paso que hai que dar é [consultar](#) que ECAI están acreditadas en Galicia para o país ao que quere dirixir a súa solicitude.



Ver enlace completo no anexo

No caso de que só exista unha entidade habilitada en Galicia, deberá tramitar o seu expediente con ela.

Se hai varias entidades habilitadas para o país, é aconsellable contactar con todas elas, visitalas e buscar resposta a todas as súas dúbidas e consultas, tanto en relación co funcionamento da propia entidade como coa tramitación do seu expediente.

Desde a nosa experiencia, e dado que a ECAI vai ser a súa compañeira durante toda a “viaxe á adopción”, **aconsellámoslle elixir aquela que lle proporcione:**

- **Seguridade:** debe inspirarlle confianza, facela/o sentir que a/o escoita e comprende.
- **Unha axeitada información:** ten que informala/o detallada e periodicamente das condicións, trámites e procesos no país elixido e do estado do seu expediente, tanto antes da adopción como durante o proceso e despois de constituída esta.
- **Profesionalidade:** os profesionais deben actuar coa debida dilixencia, capacidade e eficacia e conforme as súas funcións, non invadindo terreos doutras ou doutros profesionais nin asumindo funcións para as que non teñen a preparación adecuada.

- **Servizo:** debe prestarlle unha axeitada atención desde o inicio ata o remate do proceso, así como apoio unha vez constituída a adopción (formación previa, apoio post-adoptivo...).
- **Atención:** ten que ser accesible, amosar interese para contestar as súas consultas e dúbidas con celeridade e ofrecer dispoñibilidade para que vostede poida contactar con ela (presencial, telefónica, a través dun fax ou correo electrónico...).

E, se non hai ECAI en Galicia...

Pode ocorrer que en Galicia non haxa ningunha ECAI habilitada para o país ao que vostede quere dirixir a súa solicitude. Para estes supostos existe un acordo de directoras e directores xerais de infancia das comunidades autónomas, do 4 de novembro de 1997, polo que se permite ás persoas solicitantes tramitar o seu expediente de adopción internacional cunha ECAI acreditada noutra comunidade autónoma distinta a aquela na que residen.

Se vostede se encontrase na dita situación, deberá **dirixirse a unha ECAI habilitada noutra comunidade autónoma** para o país do seu interese **e solicitarlle que acepte tramitar o seu expediente.**

Se a entidade accede, deberanse remitir á Dirección Xeral de Familia e Inclusión dous documentos:

- A ECAI deberá enviar un escrito no que manifeste que acepta tramitar o seu expediente.
- Vostede deberá mandar outro escrito no que confirme que desexa contar coa intervención da dita ECAI.

Unha vez recibidos ambos os dous documentos, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión solicitará ao organismo competente da comunidade autónoma na que estea habilitada a ECAI a autorización para tramitar o seu expediente. Coa antedita autorización, poderá comezar o proceso.

Coñecemos unha ECAI por dentro...

Chegados a este punto, xa coñecemos que é unha ECAI e cales son as súas funcións, pero... como funciona realmente?, cal é o seu persoal, o seu horario?, que debe esperar cando se dirixa a ela?...

O horario

As entidades colaboradoras de adopción internacional deberán prestar, polo menos, **media xornada diaria** de atención presencial e telefónica ao público.

Infórmese ben dos horarios das distintas ECAI e valore a súa accesibilidade a eles, así como a posibilidade de contactar telefónica ou telematicamente fóra deste horario. A dispoñibilidade de contacto coa entidade constitúe un elemento esencial que lle proporcionará seguridade e tranquilidade ao longo de todo o proceso.

O local

Todas as entidades habilitadas na nosa comunidade autónoma deben ter o seu **domicilio social ou**, polo menos, unha **oficina en Galicia**.

Consulte o enderezo das
ECAI en Galicia

Ademais, debe ter **representación no país** para o que estea habilitada para tramitar os expedientes de adopción.

O persoal en España e no país de orixe

Cada ECAI debe contar con equipos multidisciplinares formados, como mínimo, por:

- licenciada ou licenciado en dereito,
- psicóloga ou psicólogo e
- traballadora ou traballador social.

Estas persoas contarán coa axeitada competencia profesional e experiencia no ámbito da infancia, adolescencia e familia, así como con coñecementos das cuestións relativas á adopción internacional.

O equipo será exclusivo de Galicia, aínda que a entidade estea acreditada tamén noutras comunidades autónomas.

Pola súa banda, a persoa que dirixa e administre a entidade debe contar coa necesaria integridade moral e formación e/ou experiencia para actuar no ámbito da adopción internacional.

No país de orixe, a ECAI deberá ter unha persoa que a represente e que resida nel. Esta persoa deberá posuír experiencia en materia de menores e coñecementos legais e sociais da situación do país. En caso de que non fale castelán, a entidade proporcionarlle, de forma gratuíta, un intérprete.

Documentación á disposición das persoas usuarias

A entidade deberá ter exposta no seu local e/ou á súa disposición, a seguinte documentación:

- As licenzas, habilitacións e autorizacións concedidas para cada país co que tramite.
- Os prezos dos servizos que presta, autorizados pola Administración.
- O modelo de contrato visado pola Administración.
- O libro de reclamacións.
- O horario e periodos de funcionamento.

A información e a formación

A información

A información da ECAI ás persoas solicitantes debe ser un continuo ao longo de todo o proceso de adopción, comprendendo 3 fases: previamente á tramitación, durante a tramitación e despois desta.

Para que toda a información chegue ás persoas solicitantes coa axeitada dilixencia e veracidade é preciso que exista unha boa coordinación entre a Administración e a entidade que tramita o expediente.

1. Previamente á tramitación:

Neste momento a entidade deberá informala ou informalo tanto do procedemento xeral de adopción como das particularidades de cada país concreto para o que estea habilitada.

Información xeral:

- Información xeral acerca do proceso de adopción e do organismo competente da comunidade autónoma.
- Funcionamento da entidade e servizos que presta.

Información dos países para os que estea habilitada:

- Características, procedemento e tipo de adopción.
- Requisitos das persoas solicitantes.
- Menores susceptibles de adopción.
- Documentación necesaria.
- Intervención da ECAI no proceso.
- Tempos de espera e de estancia no país de orixe.
- Custo do procedemento de adopción e forma de pago.
- Seguimentos.

2. Durante a tramitación:

- Situación do expediente (datas de entrada no organismo competente do país de orixe, aceptación polo país...).
- Solicitude de documentación/información adicional polo país de orixe.
- Cambios nos requisitos, no procedemento ou tramitación das adopcións no país de orixe, así como outras circunstancias do país que poidan afectar a tramitación do expediente.
- Datas, duración, características e preparación da viaxe.

3. Despois da adopción:

- Tramitacións necesarias que se deben realizar en España (inscrición no Rexistro Civil...).
- Información e asesoramento sobre o acoplamento da ou do menor á familia.
- Seguimento da adopción.

A formación

Ademais do labor informativo, a entidade ten a obriga de ofrecerlle actividades de preparación e formación para a adopción axeitadas ao país de orixe da ou do menor, como así se recolle no contrato que vostede asina con ela. Esta formación complementa a impartida polas e polos técnicos da Dirección Xeral de Familia e Inclusión nos cursos de formación para a adopción.

Para iso, cada ECAI organiza os seus propios talleres de formación, que teñen por obxecto preparar as persoas solicitantes para a adopción da ou do menor, así como para a viaxe ao seu país de orixe.

Ademais, as entidades poden facer outros talleres ou cursos relacionados coa adopción e o coidado, atención e educación das e dos menores.

A tramitación do seu expediente pola ECAI

Información e aceptación

Antes de que se inicie a tramitación do expediente, vostede deberá contactar coa entidade para obter máis información acerca do proceso, países, tempo de espera, requisitos, condicións, servizos que presta... Esta información será fundamental para axudala ou axudalo no proceso de decisión.

A entidade entregaralle un dossier informativo para que coñeza con detalle á entidade, como se vai tramitar o seu expediente e as características e particularidades do país no que quere adoptar.

Cada entidade elabora o seu propio dossier que pode conter, entre outra, a seguinte información:

- Presentación da ECAI e datos de contacto.
- Descrición do proceso adoptivo no país: órganos competentes, procedemento, peculiaridades...
- Características das nenas e dos nenos susceptibles de [seren](#) adoptados no país e circunstancias relevantes en relación ás probables circunstancias de saúde ou familiares.
- Tempos de espera para a adopción no país, segundo a información da que se dispón no momento de entrega do dossier.
- Documentación necesaria para tramitar o expediente de adopción no país.
- Prazos estimados ou máximos de cada un dos trámites e tarefas que lle corresponden á ECAI.
- Tempo de estancia no país.
- Programa de formación da ECAI...

Ademais, o labor informativo da entidade continuará durante todo o proceso de adopción e, incluso, unha vez rematado este.

Logo de que vostede elixa a entidade concreta coa que tramitará o seu expediente e esta dea a súa conformidade, a ECAI remitirá un escrito ao equipo de adopcións da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar para comunicarlle a quen e a onde deberá remitirse o expediente unha vez feita a valoración de idoneidade.

Recepción do expediente e sinatura do contrato

Unha vez sexa emitido o certificado de idoneidade, a Dirección Xeral de Familia e Inclusión remítelle á entidade o expediente da familia, isto é, os documentos administrativos necesarios para a tramitación:

- informe psicosocial (ou informe psicológico e social, se o país os esixe por separado),
- compromiso de seguimento da adopción por parte da Xunta de Galicia,
- certificado de idoneidade,
- calquera outro documento administrativo que esixa o país de destino.

A ECAI dispón dun rexistro no que inscribe cada expediente que recibe, por estrita orde de entrada.

A familia e a ECAI pasan a establecer unha relación da que se deixa constancia a través do contrato que ambas asinan. Este **contrato refírese exclusivamente ás funcións de intermediación** que a entidade asume con respecto á tramitación da solicitude de adopción das persoas interesadas.

Existe un modelo básico de contrato para todas as ECAI acreditadas na nosa comunidade autónoma aprobado mediante a Orde do 21 de marzo do 2012 ([ver anexo](#)). Cada entidade inclúe, conforme o dito modelo, as súas tarifas e solicita á Dirección Xeral de Familia e Inclusión a súa aprobación. **Todos os modelos de contratos das ECAI deben estar, polo tanto, supervisados e autorizados pola Xunta de Galicia.**



Todos os modelos de contratos de intermediación das ECAI deben estar supervisados e autorizados pola Xunta de Galicia.

No caso de que se producisen circunstancias excepcionais que fixesen necesaria algunha modificación no modelo de contrato, a Xunta deberá autorizar a dita modificación, logo de xustificación da ECAI.

Tome o seu tempo para ler detidamente o contrato e consulte coa entidade e/ou coa Xunta de Galicia todas as dúbidas que lle xurdan. Antes de asinalo, comprobe que o documento que a ECAI utiliza se corresponde co autorizado pola Xunta.

Tras a firma do contrato, a ECAI e as persoas solicitantes adquiren as obrigas que nel se inclúen.

IMPORTANTE!

Tome o seu tempo para ler detidamente o contrato e consulte coa ECAI ou coa Xunta todas as dúbidas que lle xurdan.



Obrigas da ECAI e das persoas solicitantes:

Obrigas da ECAI:

A ECAI ten a obriga de informala/o e asesorala/o en todo o proceso, así como de contribuír á súa preparación e formación para a adopción. Completará, por pedimento de vostede, o expediente de adopción, o presentará no país no que vostede desexa adoptar e realizará as xestións e contactos necesarios cos organismos competentes para culminar o procedemento de adopción.

Ao longo de todo o proceso, deberá mantela/o informada ou informado da situación do seu expediente, así como das incidencias ou dificultades que poidan xurdir.

Unha vez que se produza unha preasignación, recibirá o documento oficial do país de orixe e comunicarllo á xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar (que será a encargada de transmitirllo a vostede). Despois, fará chegar a súa aceptación ao país (se é o caso) e informarao das datas nas que poderá viaxar. Durante a súa estancia no país, acompañarao/a e asesorarao/a nos trámites e xestións relacionadas co proceso de adopción.

Unha vez que se constitúa a adopción, a ECAI deberá comprobar que a ou o menor cumpre todos os requisitos para entrar e residir en España e que dispón de toda a documentación necesaria para que se recoñeza a adopción no noso país.

Con posterioridade, será a encargada de realizar e remitir os informes de seguimento que esixa o país de orixe, así como de prestarlle servizos de apoio e orientación.

Obrigas das persoas solicitantes:

Vostede, como solicitante de adopción, deberá participar nos procesos de formación e preparación que desenvolva a ECAI e proporcionarlle a documentación que lle requira para tramitar o expediente, así como comunicarlle calquera variación nas súas circunstancias persoais que poidan afectar o proceso de adopción.

Unha vez que se produza a preasignación, deberá viaxar ao país as veces necesarias e facilitarlle á entidade unha copia da resolución de adopción. Posteriormente, deberá cumprir cos seguimentos post-adoptivos coa periodicidade e na forma que esixa o país, para o que deberá de facilitarlle á ECAI a información necesaria.

Loxicamente, deberá deixar en mans da entidade toda a intermediación e non manter ningún contacto directo coas autoridades do país. Así mesmo, durante a vixencia do contrato que asine coa ECAI, vostede comprométese a non iniciar outro procedemento de adopción internacional noutro país, agás expresa autorización da Xunta.

Así mesmo, deberá abonarlle á ECAI na forma e condicións do contrato, o custo dos seus servizos.

Pode consultar todas as súas obrigas e as da ECAI no modelo de contrato de intermediación oficial establecido pola Xunta de Galicia:

Consultar obrigas no
Contrato de intermediación

Recompilación da documentación e envío ao país

A ECAI, a partir deste momento, encárgase de **completar o expediente**, para o que lle solicitará os documentos necesarios.

Cada país esixe unha determinada documentación.

Pode consultar a documentación esixida por cada país no Portal Galego de Adopcións:

Ir ao Portal Galego
de Adopcións

Ver enlace completo no anexo

A ECAI daralle información acerca da relación dos documentos que deberá proporcionar, necesarios para tramitar a adopción. Vostede deberá facilitar aqueles que deba solicitar persoalmente. A entidade, pola súa banda, ocuparse de recompilar os documentos adicionais que solicite o país.

Teña en conta que deberá presentar de novo toda a documentación, con independencia de que a entregase con anterioridade na xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da súa provincia coa súa solicitude de adopción. A documentación que presentou na Xunta de Galicia queda no seu expediente autonómico; a ECAI solicitaralle a documentación para enviala ao país.

Para que estes documentos teñan validez noutro país, deben enviarse legalizados e autenticados. Ademais, no caso de países de distinto idioma, deben enviarse traducidos, agás que o país permita realizar a tradución alí.

A ECAI será a encargada de realizar a tradución e de legalizar e autenticar os documentos. Cando o expediente estea completo, presentarao no país de orixe da ou do menor e comunicarllo á xefatura territorial e a vostede.

Tras a presentación do expediente, as autoridades competentes do país de orixe poden solicitar algún novo documento ou actualización e/ou o outorgamento de poderes da familia a avogados, procuradores ou figuras análogas no país de orixe para actuar ante os órganos xudiciais ou administrativos competentes. A entidade encargarse de todas estas xestións e trámites.

O tempo de espera

O tempo que vostede terá que esperar ata a preasignación da nena ou neno **vai depender, fundamentalmente, do país** ao que se dirixa.

Así, hai países nos que é posible adoptar internacionalmente nun período de 2 ou 3 anos e outros nos que o proceso prolóngase ata os 6 anos ou máis.

Loxicamente, a idade e as características das persoas menores que se van a adoptar condiciona tamén os tempos de espera. Habitualmente, o tempo de espera é maior canto máis pequenos son as e os menores.

As veces, os propios países informan destes prazos, pero na maioría das ocasións a duración do proceso é incerta e pode cambiar durante o proceso de adopción por diversas causas como o cambio na situación social e económica do país, a decisión das autoridades de suspender ou cerrar as adopcións, a existencia de demasiadas solicitudes de adopción, cambios legislativos...

Ademais, **estes prazos tamén poden variar entre as distintas ECAI**, o que obedece tanto á eficacia do traballo da propia entidade no país de orixe como ao número e zonas coas que traballe.

Consulte en cada ECAI cal é o tempo de espera actual para as idades e características dos menores que desexa adoptar. Serviralle só de referencia ao longo do proceso, xa que a ECAI non pode garantir a duración dun proceso que, en definitiva, é resolto por unha autoridade pública independente.

Non obstante, estea atento ás novidades que se vaian producindo; poderán condicionar que o proceso se alongue, reduza ou paralice.

Todas as novidades que se vaian producindo nos diferentes países poderá consultalas no Portal Galego de Adopcións (<http://adopcions.xunta.es>), na sección “Novas”. Esta información actualízase diariamente coa información oficial proporcionada polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

Aceptación polo país e asignación da ou do menor

O país de orixe, unha vez que revise e acepte a súa solicitude, asignaralle unha nena ou un neno (ou varios, se así o especifica o seu certificado de idoneidade) e facilitaralle a documentación coa información desta ou deste á ECAI que tramitou o seu expediente.

A entidade trasladará a dita información ao equipo técnico de adopción da xefatura territorial da súa provincia, que estudará a asignación e emitirá un informe-proposta aceptándoa, se se axusta ao seu certificado de idoneidade, ou rexeitándoa no caso contrario.

Posteriormente, este equipo técnico contactará con vostede para que manifeste se acepta ou non esta asignación.

Se a súa resposta é afirmativa, a xefatura territorial elevará o informe-proposta á Dirección Xeral de Familia e Inclusión para que dea o seu visto e praxe e certifique a continuación do procedemento, remitíndolle esta documentación á ECAI.

A ECAI presentará entón no organismo oficial do país de orixe os documentos relativos á aprobación (ou non) da preasignación.

Aínda que a preasignación non se acepte pola Xunta de Galicia ou por vostede por causas xustificadas non se extingue o seu contrato coa ECAI, que seguirá vixente para continuar co procedemento.

Porén, teña en conta que o rexeitamento por vostede dunha preasignación axeitada segundo o equipo técnico, pode dar lugar a que sexa declarada ou declarado non idónea ou idóneo para a adopción.

Desprazamento ao país

A ECAI informarlle, coa maior antelación posible, do momento no que debe viaxar ao país para realizar o proceso de adaptación coa ou co menor.

O número de viaxes e o tempo de estancia varía segundo os países.

Pode consultar o número de viaxes e tempo de estancia na ficha de cada país do Portal Galego de Adopcións:



Ver enlace completo no anexo

Dado que a viaxe corre pola súa conta e non está incluído no contrato que vostede asina coa entidade, **esta non pode esixirlle:**

- Que contrate a viaxe cunha axencia determinada.
- Que elixa un medio ou empresa de transporte ou un hotel determinado.
- Ir só acompañada ou acompañado da ou das persoas que ela determine; vostede poderá viaxar coa ou coas persoas que vostede elixa, se ben a ECAI poderá restrinxir a participación desta ou destas nos procesos directamente relacionados coa adopción (charlas, visitas, reunións...).
- Participar no país en actividades turísticas ou doutra índole non directamente relacionadas co proceso de adopción.

Porén, a ECAI, poderá agrupar a varias persoas na mesma viaxe, sempre que haxa motivos organizativos que o xustifiquen e isto non orixine retrasos inxustificables.


Durante a estancia no país, o persoal da entidade acompañarao/a para a realización dos trámites e as actuacións necesarias e asesorarao/a na resolución de todas as incidencias que poidan xurdir en relación co proceso de adopción. A ECAI deberá proporcionarlle un número de teléfono ou outras formas de contactar coa persoa que o/a represente no país.

A constitución da adopción

A adopción constitúese por resolución administrativa ou xudicial.

Na maioría dos países, rompe os vínculos de filiación entre a ou o menor e a súa familia biolóxica, crea uns vínculos novos coa familia adoptiva e é irrevogable. Son as chamadas adopcións plenas.

Pode consultar os efectos da adopción na ficha informativa de cada país.



Ver enlace completo no anexo

A ECAI deberá comprobar que a ou o menor reúne todos os requisitos para entrar e residir en España. Tamén deberá asegurarse de que dispón de toda a documentación para que a resolución de adopción sexa recoñecida e sorta efectos en España.

A familia adoptante, unha vez regrese a España, deberá remitir ou entregarlle á entidade, no prazo de **15 días**, unha copia da resolución de adopción. A ECAI será a que comunique á correspondente xefatura territorial a constitución da adopción, así como a chegada da nena ou neno ao noso país, facilitándolle unha copia da resolución.

A inscrición no rexistro

Cando a adopción constituída no país estranxeiro é plena (é dicir, rompe os vínculos xurídicos da nena ou neno coa súa familia de orixe) equipárase nos seus efectos á adopción constituída en España.

Aínda así, para que a resolución estranxeira teña efectos en España é preciso inscribila no rexistro civil. Isto pode facerse:

- No rexistro correspondente do consulado de España no país de orixe, mentres adoptantes e adoptada ou adoptado permanezan no país no que se constituíu a adopción.
- No Rexistro Central de Madrid, podendo realizarse a petición ante o rexistro civil correspondente ao domicilio das persoas adoptantes, cando estas regresen a España.

Pode consultar a documentación necesaria que debe presentar no seguinte folleto do Ministerio de Xustiza sobre a inscrición do nacemento con marxinal de adopción internacional

[Ver folleto](#)




Non existe prazo para solicitar a inscrición da ou do menor adoptado.

Cando se trata dunha adopción simple (aquela na que non existe ruptura do vínculo coa familia biolóxica e que non se transforma automaticamente na adopción plena española) debe solicitarse a constitución da adopción ao xuíz de primeira instancia do domicilio das persoas adoptantes.

A ECAI asesorarao e instarao para que solicite a inscrición da adopción no Rexistro Civil, de non terse realizado no consulado español do país de orixe da ou do menor, así como para que propoña a constitución da adopción plena nos casos de adopcións simples.

A ECAI tamén debe comunicar a dita inscrición á xefatura territorial correspondente e ao organismo competente do país de orixe e facilitarlle á xefatura territorial unha copia da antedita inscrición.

A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE POLA ECAI



O deber de confidencialidade

Todas as persoas que presten os seus servizos nunha entidade colaboradora deberán garantir e preservar a **confidencialidade** de todos os datos aos que poidan acceder nas súas actuacións, conforme o recollido na *Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal*. Vostede pode, en calquera momento, exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos cedidos dirixíndose á propia ECAI ao enderezo que figura no contrato.

Estes datos só poderán ser tratados pola ECAI para as súas funcións de intermediación en adopción internacional. A transferencia internacional destes datos a autoridades estranxeiras de adopción só se efectuará nos supostos expresamente previstos na [Lei 54/2007, de adopción internacional](#) e no [Convenio da Haia, do 29 de maio de 1993, relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional](#).

No país de orixe da ou do menor será de aplicación a normativa de protección de datos daquel, non sendo responsable a ECAI do tratamento que dos datos poidan facer as autoridades do país de orixe da ou do menor.

En todo caso, as persoas solicitantes e a ECAI quedan obrigadas a respectar a confidencialidade dos datos das ou dos menores asignados durante todo o proceso adoptivo.

Concluída a tramitación dun expediente e, se é o caso, os seguimentos post-adoptivos, a ECAI remitiralle á Xunta a documentación que quedase no seu poder.

O custo da adopción

Os custos de intermediación

As ECAI, para ser habilitadas polo organismo competente da nosa comunidade autónoma, deben presentar unha proposta cos importes da **compensación económica que poderán percibir das persoas solicitantes pola intermediación de expedientes de adopción en cada país**, que é **supervisada e aprobada** pola Xunta de Galicia. A entidade deberá ter o cadro de custos á súa disposición.

Cada ECAI, polo tanto, ten os seus propios custos de intermediación, que varían en función do país no que se tramita a adopción. Esta variabilidade obedece aos diferentes custos esixidos polo país en materia de cooperación e mantemento da acreditación, dos custos de persoal e infraestrutura da organización, da zona ou zonas nas que traballe...



Cada ECAI ten os seus propios custos de intermediación para cada país, **AUTORIZADOS** pola Xunta.

Estes custos están á disposición de todas as persoas usuarias na ECAI.

Moitas veces, as persoas solicitantes consideran que o custo pola intermediación é excesivo e que non responde a unha necesidade real. Neste sentido é necesario lembrar que **a ECAI**, para ser habilitada como tal, **debe perseguir fins non lucrativos**.

O **custo total** dos servizos de intermediación da tramitación do seu expediente **deberá figurar no contrato** que asine coa ECAI, desagregado por conceptos. Nestes custos inclúense tanto os custos directos da tramitación do expediente de adopción (legalización e autenticación de documentos, traducións, mensaxería, taxas...) como a repercusión de custos indirectos en España e no país de orixe (gastos de persoal, infraestrutura, equipamento, formación ás familias, proxectos de cooperación e custos de mantemento da acreditación no país de orixe...).

Ademais, no contrato figurará o **importe dos seguimentos post-adoptivos** dos 2 primeiros anos tras a adopción. O custo dependerá do número de informes que o país esixa durante o dito período, así como da tradución e legalización, se fose o caso, e envío. Os prezos dos seguimentos correspondentes ao terceiro e sucesivos anos ata completar o establecido polo país será o que figure nos custos vixentes autorizados pola Xunta de Galicia no momento da súa realización.

Segundo o modelo de contrato establecido pola Xunta de Galicia na [Orde do 21 de marzo de 2012](#), os **custos de intermediación da ECAI inclúen:**

Gastos indirectos

En España:

a) Gastos de funcionamento:

1. Gastos de persoal.
2. Gastos de infraestrutura e equipamento.
3. Gastos de oficina, subministracións e outros.
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros.

(No caso de que a ECAI tivese a súa sede central noutra comunidade autónoma debe especificar os gastos indirectos de funcionamento da sede de Galicia).

b) Formación e adaptación:

No país de orixe da ou do menor:

- Gastos de representante e outro persoal da ECAI no país de orixe da ou do menor.
- Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina da ECAI.
- Gastos de oficina, subministracións e outros da oficina da ECAI.
- Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros.
- Achega a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país.

Gastos directos

En España:

- Xestión de documentos.
- Gastos de legalización e autenticación.
- Gastos de tradución.
- Gastos de mensaxaría e correos.
- Taxas.
- Seguimentos post-adoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío.

No país de orixe da ou do menor:

- Xestión de documentos.
- Gastos derivados do rexistro do expediente no país.
- Gastos de legalización.
- Gastos de tradución.
- Intérpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción).
- Mensaxaría e correos.
- Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción (xudiciais e administrativos).
- Visados e pasaporte da ou do menor.
- Gastos médicos obrigatorios.
- Desprazamentos das persoas adoptantes no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción.
- Axuda e manutención da ou do menor desde o momento que determine a lexislación do seu país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas adoptantes.

Debe saber que todos os actos e xestións necesarios para tramitar o expediente son considerados parte da intermediación e, polo tanto, deben estar reflectidos e incluídos no contrato que vostede asina coa entidade.

Se ten que realizar algún pago en moeda estranxeira, a entidade deberá xustificarlle a data e o tipo de cambio ao que se efectuou.

O prezo da intermediación non poderá ser modificado durante a vixencia do contrato, agás por causas sobrevidas debidamente xustificadas, que deberán comunicárselle á Xunta de Galicia para a súa autorización antes da aplicación ás persoas solicitantes. De se produciren modificacións, estas afectarán unicamente aquelas partes da tramitación que estean pendentes de realizar.

O incremento dos gastos indirectos desde a sinatura do contrato en ningún caso suporá un aumento do prezo pactado.

Non obstante, vostede poderá ter que facer fronte a outros custos adicionais:

- Os custos derivados da repetición de trámites ou documentos por caducidade da documentación por causa non imputable á ECAI.
- A realización de trámites ou xestións imprevistas necesarios para tramitar o expediente. No caso de cobro, estas cantidades deberán ser axeitadamente xustificadas pola ECAI.

- As probas ou revisións médicas complementarias da ou do menor asignado solicitadas polas persoas adoptantes.
- Os custos da viaxe, estancia e manutención das persoas solicitantes no país de orixe.
- Os custos de estancia e manutención da ou do menor no seu país de orixe unha vez sexa entregada ou entregado ás persoas solicitantes e a súa viaxe ou viaxes a España.

Que inclúe o contrato coa ECAI?



SI inclúe...

- Todos os custos da intermediación, convenientemente desagregados.
- O importe dos seguimentos esixidos polo país durante os 2 anos posteriores á adopción.

NON inclúe...

- Os custos derivados da caducidade da documentación por causas alleas á ECAI.
- Os trámites ou xestións imprevistas necesarias.
- As probas ou revisións médicas complementarias da ou do menor que soliciten as persoas adoptantes.
- Os custos da viaxe, estancia e manutención no país das persoas solicitantes e da ou do menor unha vez sexa entregado.

Como e onde realizar o pagamento

No contrato tamén se inclúe a forma e o momento de realizar o pagamento. Así, o pagamento fraccionarase do seguinte modo:

- **Primeiro pagamento:** cando se asine o contrato aboarase o 50% dos gastos indirectos e efectuarase unha provisión de fondos, que corresponde aos gastos directos previstos ata a realización do segundo pagamento.
- **Segundo pagamento:** segundo se especifique no contrato, este pagamento pode facerse pasado un determinado prazo desde a sinatura do contrato, unha vez aceptada a asignación ou antes do envío do expediente ao país. Comprende o 25% dos gastos indirectos e efectuarase unha provisión de fondos, que corresponde aos gastos directos previstos ata a realización do terceiro pagamento.
- **Terceiro pagamento:** segundo se especifique no contrato, este pagamento pode facerse antes da realización da viaxe ao país, unha vez aceptada a asignación ou ao chegar a España. Inclúe o 25% dos gastos indirectos e efectuarase unha provisión de fondos, que corresponde aos gastos directos previstos para finalizar a adopción e realizar os informes de seguimento dos dous primeiros anos tras a adopción, se é o caso.

Os seguimentos post-adoptivos correspondentes ao terceiro e sucesivos anos ata completar o establecido polo país aboaranse no momento da realización do informe.

Todos os pagamentos realizaranse mediante transferencia bancaria á conta que a entidade lle indique no contrato. Se tivese que realizar algún pago adicional por algún motivo non previsto, solicite sempre recibo ou xustificante da cantidade aboada.

E despois da adopción?

A entidade prestarlle servizos de apoio tanto a vostede como á ou ao menor adoptado e, caso necesario, orientarao/a cara a servizos de atención sanitaria, educativa ou outros.

Algunhas ECAI, ademais, realizan periodicamente talleres sobre temas específicos que poderán serlle de grande utilidade. Consulte coa súa entidade que tipo de servizos post-adoptivos prestan.

Ademais, existen gabinetes especializados en adopción que, en caso de xurdir problemas ou conflitos poderán axudalo/a a superalos.

Aconsellámoslle aproveitar os seguimentos post-adoptivos para formularlle á ECAI todas as súas consultas, dúbidas e inquedanzas. O seu asesoramento técnico seralle de moita utilidade.

Os seguimentos post-adoptivos

Ao solicitar unha adopción internacional, vostede debe asumir e cumprir co compromiso de someterse aos seguimentos post-adoptivos que estableza o país de orixe da ou do menor adoptado coa sinatura do [compromiso de seguimento](#).

Os seguimentos post-adoptivos constitúen unha valoración da situación, evolución e integración da nena ou neno adoptado na familia adoptante, que se reflicte nun informe. Ademais, os países esixen documentación adicional para xuntar ao dito informe (habitualmente fotografías, informes médicos, escolares e carta da familia na que relaten a evolución da ou do menor).

Os informes emitiranse coa periodicidade, nos termos e condicións que sinala o país de orixe da ou do menor. Así, atopamos notables diferenzas entre países, algúns esixen informes ata que a nena ou neno cumpra a maioría de idade e outros requiren dous o tres informes de seguimento. Os prazos e condicións poden ser cambiados polo país, e pode que este cambio lle afecte, aínda que xa teña constituída a adopción con anterioridade.

É fundamental que os seguimentos se realicen coa previsión suficiente para a súa tradución, legalización e envío ao país pola ECAI no prazo establecido. Para iso, vostede deberá facilitar no tempo previsto a información, documentación e entrevistas que se precisen para a emisión destes informes (artigo 11 da [Lei 54/2007](#)).

Para a realización dos seguimentos sempre deberán levarse a cabo unha ou varias entrevistas en presenza da ou do menor adoptado.

Os seguimentos non deben verse como un exame nin con desconfianza. Teñen por obxecto constatar a evolución e adaptación da ou do menor. É aconsellable, ademais, que os aproveite para **expoñer as súas dúbidas, consultas e problemas**, se os houbese. O técnico asesorarao e tentará darlle respostas as súas cuestións.

Se vostede tramita o seu expediente a través dunha **entidade colaboradora de adopción internacional deberá realizar con ela os seguimentos post-adoptivos**, excepto nos seguintes supostos:

- Tramitouse o seu expediente a través dunha ECAI doutra comunidade autónoma. Nestas situacións, o Equipo Técnico do Menor da xefatura territorial da súa provincia realizará o informe de seguimento e remitirao á Dirección Xeral de Familia e Inclusión, que o enviará á ECAI para a súa tradución e envío.
- Se vostede adoptou outra ou outro menor e está a realizar os seguimentos post-adoptivos desta ou deste co equipo técnico da xefatura territorial.

Se xurdisen situacións diferentes e o equipo técnico considerase conveniente asumir a realización dos seguimentos, fará unha proposta en tal sentido ao Servizo de Protección de Menores para que a valore e, se fose o caso, autorice expresamente. Vostede tamén pode comunicar aquelas circunstancias polas que considera que o seguimento debe ser realizado pola Administración, para que sexa valorado por este servizo.

En calquera caso, cando o expediente de adopción fose tramitado a través dunha ECAI, a tradución e envío do expediente ao país de orixe da ou do menor adoptado sempre lle corresponderá a esta.

É moi importante facer sempre os seguimentos esixidos, xa que **o incumprimento dos compromisos en canto á remisión dos informes de seguimento pode levar ao país de orixe a rexeitar novas solicitudes de adopción procedentes de España.**

Ademais, eludir reiteradamente o someterse ás actuacións de seguimento que esixa a normativa do país de procedencia da persoa adoptada ou negarse a realizalas na forma e mediante os mecanismos establecidos considérase, segundo a lei galega de familia ([Lei 3/2011, do 30 de xuño](#)) unha infracción grave, que pode ser sancionada cunha multa desde 3.001 ata 15.000 euros.



IMPORTANTE!

Non esqueza nunca facer os seguimentos da adopción no prazo establecido polo país de orixe da súa filla ou fillo.

Grazas a que as persoas solicitantes anteriores os fixeron, vostede puido adoptar.

A finalización do contrato e a liquidación

A finalización do contrato

O contrato ten dúas vías para **rematar**:

1. Que finalice porque se constitúa a adopción da ou do menor e se realicen todos os informes de seguimento esixidos polo país de orixe.
2. Que finalice porque se resolva.

O primeiro suposto, podemos consideralo a forma normal de finalización.

Pola súa banda, considéranse **causas de resolución do contrato** de adopción:

- a) Que vostede ou a ECAI incumpran gravemente as súas obrigas.
- b) Que as autoridades competentes do país de orixe da ou do menor non acepten a solicitude de adopción internacional.
- c) Que vostede sexa declarada ou declarado non idóneo tras a actualización e/ou revisión da súa idoneidade.
- d) Que non sexa posible continuar co procedemento por causas sobrevidas alleas á ECAI e a vostede.
- e) Que vostede desista do procedemento de adopción. Isto poderá facelo en calquera momento, sen necesidade de xustificalo; só terá que comunicalo por escrito.
- f) Que á ECAI lle revoquen ou suspendan a súa habilitación por causa imputable a esta, cando así se determine na resolución que para o efecto dite o organismo público competente.

Por outra banda, teña en conta que se o expediente se paraliza por causa imputable a vostede por un prazo superior a 3 meses, a ECAI devolverá o expediente á Xunta, que adoptará as medidas que procedan.

A liquidación do contrato

1. **Se o contrato finaliza porque se constitúe a adopción:**

Neste suposto, as obrigas económicas liquidaranse da seguinte forma:

- **Gastos indirectos:** non se liquidan. É dicir, non deberá facer pagamentos adicionais nin terá dereito á devolución dos xa realizados.
- **Gastos directos:** vostede aboarlle á ECAI ou esta devolveralle a diferenza entre as achegas que vostede realizase e o custo real das actuacións.

2. Se o contrato finaliza porque se resolve:

Neste suposto, a liquidación do contrato dependerá da causa que orixinou a súa resolución:

- a) Se é porque o país non aceptou a solicitude de adopción, porque foi declarada ou declarado non idóneo tras a actualización ou revisión da súa idoneidade ou por non poderse continuar co procedemento por causas sobrevidas alleas a vostede e á ECAI:
 - **Gastos indirectos:** non se devolven.
 - **Gastos directos:** non se devolven os pagamentos correspondentes ás actuacións que se realizasen. Porén, vostede terá dereito a que a entidade lle reembolse os gastos directos aboados por actuacións que non se realizasen.
- b) Se é porque existe un incumprimento das obrigas por parte da ECAI ou pola revogación ou suspensión da súa habilitación por causas imputables a ela:
 - Se as actuacións realizadas pola ECAI conservan a súa validez e eficacia para a continuación do expediente, procederase do modo previsto para os supostos nos que o contrato finalice porque se constitúe a adopción.
 - Se é necesario realizar novamente as actuacións levadas a cabo pola ECAI, esta deberá devolverlle todas as cantidades que vostede aboara.
- c) Se é porque vostede incumpre as súas obrigas ou desiste do procedemento ou porque á ECAI lle revoguen ou suspendan a habilitación por causas non imputables a ela:
 - A ECAI non devolverá ningunha cantidade que vostede lle aboara.
 - Vostede terá que aboarlle á entidade os gastos directos que correspondan a actuacións que a ECAI realizara.

Porén, o establecido nos puntos b e c enténdese sen prexuízo das posibles indemnizacións que poidan proceder polos danos que se causasen.



A liquidación do contrato dependerá das causas polas que finalice este.

Suxestións, queixas e reclamacións

Como en calquera servizo que se contrate, ás veces as persoas usuarias non quedan plenamente satisfeitas ou queren formular suxestións para a mellora do servizo.

Loxicamente, vostede poderá comunicar as súas suxestións, comentarios ou queixas ao longo de todo o proceso á propia entidade coa que tramite o seu expediente.

Cada ECAI dispón dun libro de reclamacións e dun buzón de suxestións para este cometido. Como entidade prestadora de servizos sociais, a ECAI está obrigada a remitirle á Inspección de Servizos Sociais da Xunta de Galicia unha copia das reclamacións presentadas, no prazo máximo de tres días hábiles, xunto cun informe xustificativo dos antecedentes e das actuacións realizadas para a súa xestión.

É importante que se a súa suxestión, queixa ou comentario reviste importancia, a faga chegar tamén á Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Só deste xeito poderemos, entre todos, ofrecer un mellor servizo tanto a vostede como a aqueles que adopten con posterioridade.

Para dirixirse á Xunta pode presentar un escrito dirixido á Dirección Xeral de Familia e Inclusión. Ademais, a Xunta de Galicia ten posto en marcha, desde maio de 2011, un [cuestionario para adoptantes sobre o funcionamento da ECAI](#) (ver anexo). Agradecemoslle que cubra este cuestionario para poder avaliar o servizo que lle ofreceu a ECAI. Pode empregar tamén este cuestionario como reclamación formal, identificándose axeitadamente.

A Dirección Xeral de Familia e Inclusión estuda todas e cada unha das queixas presentadas e contesta por escrito a cada familia e contacta, se é o caso, coa entidade. Ademais, se así o valora, inicia un expediente de inspección á entidade co obxecto de determinar se está cumprindo axeitadamente as funcións para as que está habilitada.

Vostede tamén pode acudir aos xulgados e tribunais competentes para a resolución dos conflitos xurdidos coa entidade, de conformidade coa Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, así como empregar as formas de solución extraxudicial de conflitos previstas no ordenamento xurídico.

30 preguntas das familias sobre as ECAI

1 Que é unha ECAI?

Unha entidade colaboradora de adopción internacional (ECAI) é aquela sen ánimo de lucro e legalmente constituída, que recolle nos seus estatutos como fin a protección de menores e que cumprindo os requisitos previstos na norma correspondente, obtén a habilitación do organismo público competente para intervir en funcións de intermediación en adopción internacional.

2 Quen controla as ECAI?

As ECAI están baixo a inspección, supervisión e control das entidades públicas, isto é, dos organismos competentes en materia de adopción das distintas comunidades autónomas. En Galicia, este organismo é a Dirección Xeral de Familia e Inclusión e a Inspección de Servizos Sociais.

3 É obrigatorio tramitar a adopción a través dunha ECAI?

Dependerá do país onde dirixa a súa solicitude.

Así, hai países que non as recoñecen, hai outros nos que é obrigatorio tramitar a través da mediación delas e, por último, hai países que permiten as dúas opcións.

4 Coñezo unha ECAI de Barcelona, podería tramitar a adopción con ela?

Vai depender do país no que desexe realizar o proceso de adopción. Se para ese país a nosa comunidade autónoma ten acreditada ECAI, vostede está obrigada ou obrigado a realizar a adopción con ela. Se dirixe a solicitude a un país para o que Galicia non teña ningunha ECAI acreditada, si podería ir cunha doutra comunidade autónoma, logo da conformidade da ECAI e da comunidade autónoma que a ten acreditada.

5 **Con que persoal debe contar a ECAI?**

A entidade debe contar, polo menos, cunha persoa licenciada en dereito, outra en psicoloxía e unha diplomada en traballo social.

6 **En que horario podo acudir ou contactar coa ECAI?**

As ECAI acreditadas en Galicia deben prestar, polo menos, media xornada diaria de atención presencial e telefónica ao público. Infórmese nas distintas entidades do seu horario concreto de atención.

7 **Podo entregar a miña solicitude de adopción directamente á ECAI?**

Non. Deberá presentala na Administración Pública, entregándoa ou remitíndoa á xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da súa provincia de residencia ou a calquera das dependencias administrativas recollidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

8 **A ECAI é a encargada de valorar a nosa idoneidade?**

Non, o equipo técnico de adopción da xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar da súa provincia é o que realiza a valoración e declara idónea (ou non) a familia solicitante.

9 **Como podo saber que ECAI hai habilitadas para un país?**

O listado das ECAI habilitadas en Galicia pode consultalo no anexo de esta guía ou no Portal Galego de Adopcións. Ademais, pode consultar o listado de todas as ECAI habilitadas en España na páxina web do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. [Consultar listado das ECAI.](#)

10 É máis rápido adoptar se tramita por unha ECAI?

Tramitar o seu expediente a través dunha entidade colaboradora non implica, necesariamente, unha maior rapidez en lograr a adopción que se a tramita a través do Ministerio. Non obstante, dado que a ECAI, co seu asesoramento, facilita a obtención da documentación e, coa súa xestión, a tramitación do expediente, isto pode aforrar tempo no proceso de adopción.

11 Xa presenteí toda a documentación na Xunta, debo presentala de novo á ECAI?

Si. A documentación que presentou na Xunta de Galicia quedará gardada no seu expediente administrativo. A ECAI é unha entidade privada que colabora no proceso de adopción que terá que solicitarlle toda a documentación que requira o país ao que dirixe a súa solicitude; algunha desta coincidirá coa xa presentada na Administración e outra será documentación adicional esixida polo país.

12 Pode esixirme a ECAI que presente a documentación nun prazo determinado?

A ECAI debe pedirlle que presente a documentación co tempo suficiente para cumprir os prazos establecidos polo país.

Por outra parte, se o seu expediente se paraliza pola súa causa durante o prazo superior a 3 meses a entidade devolverao á Xunta de Galicia, que pode arquivalo.

13 A ECAI é a que elixe as nenas e nenos para adoptar?

Non, o labor da ECAI é presentar a súa solicitude e tramitala ante as autoridades competentes do país de orixe da nena ou neno, así como asesoralo/a, representalo/a e acompañalo/a durante todo o proceso. Son as autoridades do país as que determinan as nenas e nenos que poden ser adoptados.

14 A ECAI pode, antes da preasignación, ofrecernos unha nena ou neno concreto?

Non, o organismo responsable de ofrecerlle a unha ou un menor concreto é a autoridade competente do país de orixe.

A ECAI o comunica entón á xefatura territorial da Consellería de Traballo e Benestar, que é a que valora a adecuación entre a ou o menor e a familia e a acepta, se é o caso. Posteriormente as persoas solicitantes manifestan (ou non) a súa aceptación.

15 Como podo saber canto me vai custar a adopción?

Cada ECAI ten uns custos autorizados pola Xunta para tramitar os expedientes de adopción con cada país e ten a obriga de telos a disposición das persoas interesadas. A entidade debe informarlle destes custos, que deben reflectirse no contrato. Só poderán incrementarse en caso de imprevistos (que a ECAI lle deberá xustificar). A estes custos vostede deberá engadir os da viaxe e estancia no país, así como os do retorno coa ou co menor adoptado.

16 Teño que pagarlle á ECAI o custo da adopción por adiantado?

O custo total da adopción fracciónase en distintos pagos, que se realizan en distintos momentos da tramitación do expediente. A ECAI informarlle de cando e canto debe aboar en cada momento, previamente á sinatura do contrato e deberá constar nel.

17 Por que os custos da adopción nun mesmo país varían segundo as ECAI?

Os custos totais da adopción inclúen tanto aqueles directamente relacionados coa tramitación do expediente como unha parte dos custos indirectos (persoal, aluguer dos locais, seguros...) que varían segundo a organización e os servizos que ofrezca.

No caso de existir varias ECAI autorizadas para un mesmo país, recomendámoslle que compare os servizos e garantías que lle ofrecen para valorar os custos de cada unha.

18 Adoptamos hai uns anos unha nena e agora queremos volver a solicitar outra adopción no mesmo país. Debemos esixirlle á ECAI o mesmo custo?

As cantidades que deberá aboar pola nova adopción poden non corresponder coa anterior, xa que a entidade pode ter actualizados os seus custos porque cambiaran os seus gastos por diferentes motivos (inflación, incremento de taxas...) Cada entidade ten uns custos autorizados e visados pola Xunta de Galicia que pode solicitar verificar, en caso de dúbida.

19 A miña muller e mais eu estábamos tramitando unha adopción, pero nos divorciamos e queremos archivar a solicitude de adopción. Teremos que pagarlle o custo total do contrato á ECAI?

O custo total da tramitación abóase á ECAI en distintos momentos da tramitación do expediente, como figura no contrato. Tamén no mesmo documento figura que ocorre en caso de que se resolva este e que cantidades deberán efectivamente pagarse á entidade.

Se vostede desiste do procedemento, debe aboarlle á ECAI os gastos directos correspondentes ás actuacións efectivamente realizadas e non terá dereito á devolución das cantidades xa pagadas.

20 Podo esixirlle responsabilidades á ECAI se non consigo adoptar?

Tramitar o expediente cunha ECAI non garantiza que vostede finalice con éxito o seu procedemento de adopción. As responsabilidades que vostede poderá esixirle á ECAI son unicamente as que figuran no contrato que vostede asina coa entidade, o que non inclúe que vostede consiga adoptar.

21 Cando viaxemos ao país, haberá algún representante da ECAI que nos acompañe?

Si. A ECAI, necesariamente ten que ter no país no que tramite solicitudes de adopción, polo menos, a unha persoa que a represente. Esta persoa (ou aquela que a entidade designe para tal fin) acompañaraos e asesoraraos en todos os trámites e xestións relacionadas co proceso de adopción.

22 Teño que contratar a viaxe coa ECAI que tramite o meu expediente?

Non. A ECAI non é unha axencia de viaxes, senón unha entidade que lle axuda e asesora na tramitación do seu expediente de adopción.

23 Terei que levar diñeiro en efectivo para pagar á ECAI os servizos que me ofrezan no país?

Os custos relacionados coa adopción son os que se reflicten no contrato. Se no país xurdira algún custo adicional imprevisto, a entidade deberá xustificarllo. Para evitar calquera posible malentendido, aconséllámoslle que, sempre que sexa posible, realice o pagamento mediante unha transferencia bancaria á conta da dita entidade.

24 Queremos adoptar nun país do que descoñecemos o idioma, como nos comunicaremos co representante da ECAI cando viaxemos ao país?

O representante da ECAI no país debe falar o castelán ou, no seu defecto, a entidade debe poñer á súa disposición a un intérprete, de forma gratuíta.

25 Unha vez que chegue a ou o menor, a ECAI facilitárame algún tipo de apoio?

Si. A ECAI deberalle ofrecer prestar un apoio post-adoptivo, para facilitar e axudar no proceso de acoplamento da ou do menor adoptado á súa nova familia. Se é o caso, orientarlle cara a outros servizos (sanitarios, educativos...).

26 Se non estou contenta coa ECAI, onde podo reclamar?

Pode reclamar directamente á ECAI, á Xunta de Galicia ou nos xulgados e tribunais. Con independencia da vía elixida, é aconsellable que a reclamación a presente tamén (ou só) ante a Xunta de Galicia, xa que é o organismo que habilita e controla as distintas ECAI.

27 É obrigatorio realizar os seguimentos tras a adopción?

Si. Así se compromete vostede cando presenta a súa solicitude de adopción e asina o compromiso de seguimento. Non realizar os seguimentos no prazo e nas condicións establecidas polo país de orixe pode orixinar que o país suspenda as adopcións. Ademais, non realizalos poderá orixinarlle unha multa da Xunta de Galicia de entre 3.000 e 15.000 euros.

28 Cantos seguimentos terei que facer?

O número e a periodicidade dos seguimentos post-adoptivos vai depender do país de orixe da ou do menor adoptado. Así, hai países que esixen informes ata a maioría de idade da ou do menor e outros só 2 ou 3.

No Portal Galego de Adopcións, na ficha de cada país, pode consultar o número e periodicidade dos seguimentos.

29 Podo realizar os seguimentos coa Administración?

Se vostede tramitou a adopción cunha ECAI deberá realizar con ela os seguimentos post-adoptivos que esixa o país de orixe, excepto que tramitase a adopción cunha ECAI doutra comunidade autónoma ou estea a realizar os seguimentos post-adoptivos doutra ou doutro menor pola Administración.

30 En caso de conflito coa ECAI, podería facer os seguimentos coa Xunta?

Se xurdira un conflito grave entre a ECAI e vostede pode solicitar á Xunta de Galicia que asuma os seguimentos. A Dirección Xeral de Familia e Inclusión estudará o seu requerimento e daralle unha resposta. En calquera caso, a entidade continuará facendo a tradución e o envío dos informes de seguimento e a familia adoptante terá que asumir estes custos e aboarillos á ECAI.

Normativa

Familia, menores e adopción

Internacional:

1. Convenio sobre competencia das autoridades e a Lei aplicable en materia de protección de menores, feito na Haia o 5 de outubro de 1961. Ratificado por España o 22 de maio de 1987. (BOE núm. 199, do 20 de agosto de 1987).
<http://www.boe.es/boe/dias/1987/08/20/pdfs/A25764-25767.pdf>
2. Convenio suprimindo a esixencia da legalización dos documentos públicos estranxeiros, feito na Haia o 5 de outubro de 1961. Ratificado por España o 27 de xullo de 1978. (BOE núm. 229, do 25 de setembro de 1978).
http://www.boe.es/aeboe/consultas/bases_datos/doc.php?id=BOE-A-1978-24413
3. Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989. Ratificada por España o 6 de decembro de 1990. (BOE núm. 313, do 31 de decembro de 1990).
<http://www.boe.es/boe/dias/1990/12/31/pdfs/A38897-38904.pdf>
4. Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia, o 29 de maio de 1993. Ratificado por España o 11 de xullo de 1995. (BOE núm. 182, do 1 de agosto de 1995).
<http://www.boe.es/boe/dias/1995/08/01/pdfs/A23447-23454.pdf>
5. Convenio europeo en materia de adopción de menores (revisado), feito en Estrasburgo o 27 de novembro de 2008. (BOE núm. 167, do 13 de xullo de 2011).
http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2011-12066

6. Lexislación do país ao que diriximos a solicitude de adopción.

Pode consultar a relación de lexislación na ficha de cada país no Portal Galego de Adopcións:

<http://adopcions.xunta.es/index.php?idMenu=43&idIdioma=2>

Nacional:

1. Código Civil (artigos 175 a 180)
http://noticias.juridicas.com/base_datos/Privado/cc.l1t7.html#c5s2
2. Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil. (BOE núm. 15, do 17 de xaneiro de 1996).
http://www.boe.es/aeboe/consultas/bases_datos/doc.php?id=BOE-A-1996-1069

Artigo 25 derogado pola Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional.

3. Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional. (BOE núm. 312, do 29 de decembro de 2007).
<http://www.boe.es/boe/dias/2007/12/29/index.php>

Autonómica:

1. Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia. (DOG núm. 124, do 29 de xuño de 2006).
http://noticias.juridicas.com/base_datos/CCAA/ga-l2-2006.html
2. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG núm. 134, do 13 de xullo de 2011).
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110713/AnuncioC3B0-050711-4044_gl.html
3. Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia. (DOG núm. 45, do 6 de marzo de 2000).
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2000/20000306/Anuncio5F3E_gl.html
Modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro. (DOG núm. 222, do 14 de novembro de 2003).
<http://www.xunta.es/Dog/Dog2003.nsf/FichaSeccion/201FA?OpenDocument>
Corrección de erros DOG núm. 235, do 3 de decembro de 2003.
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2003/20031203/Anuncio22CF6_gl.html
Título III derogado pola Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia (DOG núm. 134, do 13 de xullo de 2011).
http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110713/AnuncioC3B0-050711-4044_gl.html
4. Orde do 21 de marzo de 2012 pola que se establece o modelo oficial de contrato de intermediación en adopción internacional para a Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 73, do 17 de abril de 2012).
http://adopcions.xunta.es/files_editor/file/Orde_contratos_ECAI_21_03_2012_gal.pdf

Glosario

Adopción plena: resolución xudicial ou administrativa que constitúe un novo vínculo de filiación entre unha ou un menor e unha ou unhas persoas que non son os seus pais biolóxicos.

Adopción simple: aquela constituída pola autoridade estranxeira competente cuxos efectos non se correspondan substancialmente cos previstos para a adopción na lexislación española. Non rompe os vínculos coa familia de orixe da persoa menor adoptada.

Apostila: trámite de legalización única que consiste en colocar nun documento público, ou prolongación deste, unha apostila ou anotación que certifica a autenticidade da sinatura dos documentos públicos expedidos nun país asinante do Convenio da Haia de 1961 (Convenio da Apostila). Os documentos certificados por unha apostila deberán ser recoñecidos en calquera outro país do Convenio da Haia sen necesidade de calquera outro tipo de autenticación.

Autenticación: acto xurídico que dá fe da veracidade dun texto, o que quedará establecido como auténtico e definitivo. É esixida por algúns países para a documentación que lles é remitida e realízase polas representacións diplomáticas dos países en España (embaixadas e consulados).

Autoridade central: é a autoridade que cada Estado asinante do Convenio da Haia de 1993 designa para velar polo cumprimento das obrigas que este impón. Cando España ratificou o dito convenio designou como Autoridades Centrais ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e ás comunidades autónomas.

Certificado de idoneidade: documento que se emite tras a valoración de idoneidade que constata que a familia obxecto da dita valoración posúe as capacidades necesarias para adoptar. Este certificado sempre se emite para un país concreto e unha ou varias persoas menores dunhas características determinadas.

Compromiso de seguimento: documento que asina a persoa ou persoas solicitantes de adopción co que se comprometen a realizar os seguimentos post-adoptivos esixidos polo país de orixe da ou do menor.

ECAI: entidade privada sen ánimo de lucro e legalmente constituída, que contempla nos seus estatutos como fin a protección de menores e que cumprindo os requisitos previstos na norma correspondente

obteña a correspondente habilitación do organismo público competente para intervir en funcións de intermediación en adopción internacional.

Habilitación: autorización que outorga unha autoridade central a unha entidade sen ánimo de lucro para tramitar expedientes de adopción internacional nun país determinado. Esta habilitación está condicionada á autorización polas autoridades do dito país.

Informe psicosocial: documento no que se reflicte a valoración de idoneidade realizada polo equipo técnico de adopcións dunha familia solicitante de adopción.

Intermediación: toda actividade que teña por obxecto intervir poñendo en contacto ou en relación ás persoas solicitantes de adopción coas autoridades, organizacións e institucións do país de orixe ou residencia da persoa menor de idade susceptible de ser adoptada e prestar a asistencia suficiente para que a adopción se poda levar a cabo.

Legalización: recoñecemento de sinatura mediante o que unha autoridade que teña atribuída a competencia para tal fin declara a autenticidade da sinatura da persoa signataria dun documento. Este trámite complexo simplifícase no caso dos países que subscribiran o Convenio da Haia, de 5 de outubro de 1961, suprimindo a existencia da legalización dos documentos públicos estranxeiros.

Preasignación: proceso mediante o que as autoridades dun país de orixe determinan cal é a familia adecuada para unha ou un menor concreto en situación de ser adoptado.

Resolución do contrato: finalización do contrato entre as partes que o asinaron porque se incumpran as obrigas adquiridas ou porque non sexa posible ou desexable continuar co procedemento para o que foi asinado (declaración de non idoneidade dos solicitantes, negativa do país a aceptar o expediente, desistencia da familia solicitante...).

Seguimento post-adoptivo: avaliación posterior á adopción que ten por obxecto avaliar a situación, evolución e integración entre a ou o menor adoptado e a familia adoptante.

Valoración de idoneidade: estudo psicolóxico e social das persoas solicitantes de adopción, realizado coa finalidade de determinar se estes posúen as capacidades necesarias para satisfacer as necesidades específicas das nenas e nenos susceptibles de adopción.

Anexos

Listado das ECAI habilitadas en Galicia

ECAI ENDEREZO SEDE	PAÍS HABILITADO	DATA DE HABILITACIÓN CC. AA./ PAÍS	TEL. /FAX E-MAIL/ WEB
AAIM- Asociación de Ayuda a la Infancia del Mundo Doctor Cadaval, 21, 2ª – Of. 10 36202 Vigo - PONTEVEDRA	FEDERACIÓN RUSA	26.12.13 / 24.10.07	Tel. 986 221 761 Móvil 657 913 369 Fax 986 221 761 galicia@aaimadopcion.org http://www.aaimadopcion.org
ACI - Asociación para el Cuidado de la Infancia Riego de Agua, 16, 1º C 15001 A CORUÑA	CHINA FILIPINAS VIETNAM	23.01.04/ 19.12.97 23.01.04/ 04.09.03 31.07.08/ 09.06.08	Tel. 881 893 227 Móvil 646 111 123 Fax 881 893 226 galicia@aciadopcion.org http://www.aciadopcion.org
ADDIS-GALICIA - Asociación pro Dereitos da Infancia Pablo Morillo nº4, 1º esq. 36201 VIGO	ETIOPÍA BURKINA FASO BURUNDI	18.03.04/ 28.10.05 14.12.09/ 20.10.10 29.04.10/08.10.09	Tel. 886 116 226 Fax 986 128 699 ecai@addisgalicia.org http://www.addisgalicia.org
ADECOP - Asociación de Cooperación con el Pueblo Colombiano Emilia Pardo Bazán, 22 A, 2º esq. 15005 A CORUÑA	COLOMBIA PERÚ PANAMÁ VIETNAM	13.10.97/ 02.04.98 13.10.97/ 21.01.98 25.10.07/ 30.01.07 19.12.07/ 05.09.08	Tel. 981 122 122 Fax 981 122 871 galicia@adecop.org http://www.adecop.org

ECAI ENDEREZO SEDE	PAÍS HABILITADO	DATA DE HABILITACIÓN CC. AA./ PAÍS	TEL. /FAX E-MAIL/ WEB
BALBALIKA - Asociación de Ayuda a la Infancia Serafín Avendaño, 12, entresollado 2 36201 Vigo - PONTEVEDRA	ETIOPÍA	15.02.08/ 01.08.06	Tel. 986 220 602 Móbil 625 657 601 Fax 986 220 602 galicia@ecaibalbalika.com http://www.ecaibalbalika.com
BALMS-FUNDACIÓN PARA LA INFANCIA Reconquista, 9, entresollado 36201 Vigo - PONTEVEDRA	COLOMBIA	22.03.05/ 01.02.06	Tel. 986 443 143 Fax 986 446 023 fundacion@fundacionbalms.org http://www.fundacionbalms.org
INTERADOP GALICIA - Asociación de Adopción Internacional de Menores de Galicia Reiseñor, 10, entresollado, Of. 2 36205 Vigo - PONTEVEDRA	CHINA VIETNAM	19.06.01/ 23.09.98 06.10.08/ 12.09.08	Tel. 986 265 672 Móbil 616 468 404 Fax 986 265 673 info@adopcion.org interadopgalicia99@hotmail.com http://interadop.adopcion.org
MIMO - Asociación de Apoyo para la Adopción Internacional Avenida de Arteixo, 2, 2º dta. 15004 A CORUÑA	BULGARIA HUNGRÍA	14/04/2011 (efectos desde 23/12/2011) / 23/07/2010 14/04/2011 (efectos desde 23/12/2011) / 09/07/2010	Tel. 881 963 996 /915 430 070 Fax 881 963 996 / 915 430 113 balatonmimo@terra.es ecaिमimo@yahoo.es http://mimoadopcion.org/
PIAO Emilia Pardo Bazán, 22 A, 2º dta. 15005 A CORUÑA	CHINA ETIOPÍA	25.06.09/ 23.09.98 25.02.09/01.07.01	Tel. 981 122 122 Fax 981 122 871 galicia@piao.org http://www.piao.org

Cuestionario adoptantes sobre o funcionamento da ECAI

NOTA IMPORTANTE: Este cuestionario ten por obxecto axudarlle para que nos faga chegar a súa opinión sobre o funcionamento da ECAI que tramitou o seu expediente de adopción. Non é obrigatorio que o cubra, pero se o fai axudaranos a dar un mellor servizo.

Pode contestar a todas ou parte das preguntas, ou, se o desexa, pode manifestar a súa opinión cos comentarios ou observacións que estime oportunas.

Non é obrigatorio que se identifique; en cambio, é necesario que indique o país de adopción e a ECAI que tramitou o seu expediente.

- País de adopción
- ECAI tramitadora
- Ano de sinatura do contrato
- Ano da asignación da ou do menor
- Ano da viaxe para recoller á ou ao menor adoptado

Se vostede desexa utilizar este cuestionario como reclamación formal sobre o funcionamento da ECAI, debe indicar, ademais, os seguintes datos:

- Nome e apelidos
- Enderezo
- Teléfono (opcional)

CUESTIONARIO:

EN RELACIÓN COA DOCUMENTACIÓN E CO PERSOAL DA ECAI EN ESPAÑA

SOBRE A INFORMACIÓN

1. Antes da sinatura do contrato coa entidade, fixéronlle entrega dun amplo dossier informativo?
2. Qué documentación contén o dossier entregado pola ECAI?
3. A información previa facilitada, resultoulle comprensible?, coincide coa realidade?
4. Na información que lle facilitaron ao principio, informóuselle da cantidade económica total á que ascende a tramitación do expediente e da forma de pagamento? Indique o importe.
5. Recibiu información periódica do estado de tramitación do seu expediente?

SOBRE O CONTRATO

6. Deixáronlle tempo suficiente para estudar o contrato e resolver as súas dúbidas?
7. Unha vez lido o contrato facilitado pola ECAI, amosou desconformidade con algunha das cláusulas? En caso afirmativo, explique porqué.
8. Asinou outros documentos distintos ao contrato? De ser así, indique cales.

SOBRE A ATENCIÓN DO PERSOAL

9. A cantas persoas coñeceu da ECAI en España?
10. Recorda os nomes e as funcións de cada unha delas?
11. O trato recibido foi correcto?
12. Recibiu xornadas formativas impartidas pola ECAI? De ser así, canto tempo durou esta formación?, quen a impartiu e onde?
13. O contido das xornadas formativas, resultoulle útil para o proceso adoptivo?
14. Facilitáronlle un horario de atención ao público da oficina da ECAI? Indíqueo.
15. Atendérono/a neste horario?

EN RELACIÓN COA ASIGNACIÓN

16. No suposto en que o país tramite as adopcións de forma descentralizada, sabe quen determina a rexión ou provincia na que recae cada expediente, a ECAI ou as autoridades do país de orixe da ou do menor?, ao longo do proceso cambiouse a rexión ou provincia de tramitación? De ser así, sabe por qué?
17. Quen lle informou inicialmente da asignación da ou do menor, a ECAI ou o servizo provincial de familia e menores?
18. As características da ou do menor asignado correspóndense coas determinadas na súa idoneidade?

EN RELACIÓN COA VIAXE

19. Informárono/a con suficiente antelación das datas da viaxe ou viaxes?
20. As datas previstas sufriron cambios? En caso afirmativo, foi informada ou informado dos motivos?
21. A ECAI ofrecéuselle a organizar directamente a viaxe? Ofreceulle organizala a través dunha axencia?
22. Sentiuse presionada ou presionado a aceptar as condicións da viaxe ofrecidas pola ECAI?
23. Permitíronlle viaxar con algún membro da súa familia ou achegado? De non ser así, que razóns lle deron?
24. Viuse obrigada ou obrigado a realizar actividades e/ou visitas turísticas non desexadas?

EN RELACIÓN COA ATENCIÓN DA ECAI NO PAÍS DE ORIXE DA OU DO MENOR

25. A cantas persoas coñeceu da ECAI no país?
26. O persoal da ECAI no país de orixe da ou do menor fala castelán? De non ser así, puxeron á súa disposición un intérprete de forma gratuíta?
27. Podía contactar co persoal da ECAI?, A través de que medio?, Tiñan un horario establecido?
28. O/a atenderon sempre que os necesitou?
29. Se tivo algún problema, solventóullelo o persoal da ECAI?
30. Coñeceu a sede principal da ECAI no país?, En que localidade está situada?
31. De necesitalo, dispuxo da posibilidade de contactar coa embaixada española no país?

EN RELACIÓN COA ENTREGA DAS NENAS OU NENOS

32. Como se levou a cabo a entrega da ou do menor?, en que lugar se realizou?, quen fixo a entrega?
33. Participou nalgunha cerimonia colectiva coas familias das ou dos menores que se ían adoptar?

EN RELACIÓN AO CUSTO DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE

34. En relación co custo económico da adopción, coincide a información inicial ofrecida pola ECAI co custo económico real? De non ser así, indique o importe final (Inclúa todos os gastos obrigatorios aos que tivo que facerlles fronte para a adopción, fosen ou non aboados á ECAI, excluídos os gastos da viaxe e estancia), sabe a que obedece a diferenza?
35. Ten xustificante de transferencia ou recibos de cobros de todas as cantidades entregadas?
36. Entre os gastos obrigatorios, realizou pagos en concepto de ofrendas, agradecementos, festas, gastos de visita ao centro, cerimonia de entrega, etc.? De ser así, indique a cantidade e o concepto.
37. A quen lle entregou as cantidades sinaladas no apartado anterior e en que momento?

EN RELACIÓN COA ETAPA POST-ADOPTIVA

38. Informoulle a ECAI da periodicidade dos seguimentos?, e do custo?
39. Fixo os seguimentos post-adoptivos coa ECAI que lle tramitou o expediente? (no caso de que xa fixera algún seguimento).
40. Realizáronse (e/ou estanse realizando) estes no tempo establecido polo país de orixe? En caso negativo, indique o motivo.
41. Proporcionoulle a ECAI algún tipo de apoio tras a adopción? En caso afirmativo, describa brevemente en que consistiu este apoio.

Se a súa resposta é afirmativa...

- a) Ofertóuselle este servizo desde a ECAI ou solicitouno vostede?
- b) Describa brevemente en que consistiu este apoio.
- c) Quen o realizou?
- d) Considera satisfactorio o apoio que lle proporcionaron? En caso negativo, indique por que.

Se a súa resposta é negativa...

- a) Solicitou algún tipo de apoio á ECAI e non llo facilitaron?
- b) Considera necesario algún tipo de apoio tras a adopción?

VALORACIÓN:

Avalíe os servizos da ECAI puntuando de 0 a 5 puntos, entendendo que 0 é a puntuación mínima e 5 a máxima.

- 1. Información e trato recibido
- 2. Servizo da ECAI en España
- 3. Servizo da ECAI no país de orixe da ou do menor
- 4. Servizo da ECAI no período post-adoptivo
- 5. Satisfacción do proceso en total

OBSERVACIÓNS:

Pode remitir o cuestionario cuberto por correo ordinario, fax ou correo electrónico a:

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Familia e Inclusión - Subdirección Xeral de Familia e Menores

Edificio Administrativo San Caetano, s/n. 15781 Santiago de Compostela.

Tfno. 981 545 458 - Fax: 981 957 591

adopciongalicia@xunta.es

Modelo de contrato de intermediación en adopción internacional da Comunidade Autónoma de Galicia



Diario Oficial de Galicia

DOG Núm. 73

Martes, 17 de abril de 2012

Páx. 13662

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 21 de marzo de 2012 pola que se establece o modelo oficial de contrato de intermediación en adopción internacional para a Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, establece no artigo 75.2 que nos procesos de adopción internacional lle corresponde ao departamento competente da Xunta de Galicia a habilitación, o control, a inspección e a elaboración das directrices de actuación das entidades colaboradoras de adopción internacional no ámbito da Comunidade Autónoma.

Pola súa parte, o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia dedica as seccións segunda a novena do capítulo V á regulación das entidades colaboradoras de adopción internacional e indica no seu artigo 96 que o funcionamento destas entidades se axustará ao que estableza a normativa internacional, estatal e autonómica aplicable.

Neste sentido, o artigo 8 da Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional determina que a entidade colaboradora de adopción internacional e as persoas solicitantes de adopción deben formalizar un contrato referido exclusivamente ás funcións de intermediación que aquela asume con respecto á tramitación da solicitude de adopción. A continuación exige que o modelo básico de contrato sexa previamente homologado pola entidade pública competente.

Por todo isto, faise preciso establecer un modelo de contrato pechado que incorpore aqueles aspectos e elementos que establece como necesarios o Decreto 42/2000.

En virtude do exposto, e facendo uso das facultades que me confire o artigo 34.6.º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Primeiro. Apróbase o modelo oficial de contrato de intermediación en adopción internacional para a Comunidade Autónoma de Galicia cuxo contido se incorpora como anexo a esta orde.

CVE-DOG: 1kvzdy5-nmk9-lx9-eai8-ofc73rq5znj1



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

Segundo. Este modelo será pechado en todas as súas estipulacións. En caso de que circunstancias excepcionais fixesen necesaria algunha modificación, a Xunta de Galicia autorizará e visará as modificacións, logo da xustificación da entidade colaboradora de adopción internacional. O contrato modificado non se converterá nun novo modelo de contrato da dita entidade para sucesivos procesos de adopción alleos á circunstancia que motivou a modificación.

Disposición transitoria.

As entidades colaboradoras de adopción internacional que se atopen habilitadas pola Xunta de Galicia na data de entrada en vigor desta norma deberán presentar no prazo de 3 meses desde a entrada en vigor un modelo de contrato axustado ao establecido no anexo desta norma. Ao dito modelo deberá xuntarse unha nova proposta de gastos acorde coa estrutura e contido do anexo I ao modelo de contrato, xunto coa documentación xustificativa dos importes de cada unha das partidas, que deberá ser autorizada pola Xunta de Galicia de acordo co disposto nos artigos 105.1.g) e 114 do Decreto 42/2000.

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de marzo de 2012.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONTRATO DE INTERMEDIACIÓN EN ADOPCIÓN INTERNACIONAL

En _____, o ____ de _____ de 201__.

REUNIDOS

Dunha parte:

D./D.^a _____, con DNI núm. _____, actuando en nome e representación da entidade colaboradora de adopción internacional _____, con domicilio en _____.

Doutra parte:

D./D.^a _____, con DNI núm. _____ e D./D.^a _____, con DNI núm. _____, con domicilio en _____ e actuando no seu propio nome e representación.

CVE-DOG: 1kvzdy5-mnk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

Ambas as dúas partes, que se recoñecen capacidade legal suficiente e prestan o seu consentimento para a formalización deste contrato,

EXPOÑEN:

Que a entidade colaboradora de adopción internacional_____ (en diante a ECAI), é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia e habilitada por esta como entidade colaboradora de adopción internacional para exercer as funcións de intermediación para a adopción internacional en_____ (país) por resolución de data do_____ e de acordo coa autorización concedida polas autoridades de_____ (país de orixe da/do menor) mediante resolución de data do_____.

Que D._____ e D.ª_____ (en diante as persoas solicitantes) están interesadas na adopción dun/dunha menor de orixe_____, para o que requiren a ECAI para que realice os traballos de xestión e intermediación en adopción internacional.

Que antes da sinatura deste contrato as persoas solicitantes recibiron información completa dos requisitos, proceso e condicións da adopción en_____ (país), así como da actuación da ECAI, de todo o que recibiron un dossier escrito, que declaran que leron e comprenderon e cuxa relación de documentos se incorpora como anexo II.

Que as persoas solicitantes obtiveron con data do_____ o certificado de idoneidade para a adopción en_____ (país) emitido pola Secretaría Xeral de Política Social da Xunta de Galicia.

Por canto antecede, as partes acordan formalizar este contrato de arrendamento de servizos, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira. *Obxecto do contrato.*

Este contrato ten por obxecto a prestación por parte da ECAI de servizos de intermediación na tramitación do expediente de adopción internacional das persoas solicitantes en_____ (país).

A intermediación comprende toda actividade que teña por obxecto intervir poñendo en contacto ou en relación as persoas solicitantes de adopción coas autoridades, organiza-

CVE-DOG: 1kvzdy5-nmk9-lx9-ea18-ofc73rq5znj1

cións e institucións do país de orixe ou residencia da ou do menor e prestar a asistencia suficiente para que a adopción se poida levar a cabo.

A execución deste contrato levarase a cabo sempre baixo a primacía do interese superior da/do menor e desenvolverá as súas funcións de acordo co disposto no Convenio da Haia do 29 de maio de 1993, relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional; a Convención sobre os dereitos da infancia do 20 de novembro de 1989; a Lei 54/2007, do 28 de decembro, de adopción internacional; a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia; o Decreto 42/2000, do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia; a lexislación do país de orixe da/do menor e as instrucións que para o efecto dite a Secretaría Xeral de Política Social.

As funcións que debe realizar a ECAI serán as seguintes:

- a) Información e asesoramento ás persoas interesadas en materia de adopción internacional.
- b) Intervención na tramitación de expedientes de adopción ante as autoridades competentes, tanto españolas como estranxeiras.
- c) Asesoramento e apoio ás persoas solicitantes de adopción nos trámites que necesariamente deben realizar en España e no estranxeiro.
- d) Realizar as xestións correspondentes para o cumprimento das obrigas postadoptivas establecidas para as persoas adoptantes na lexislación de _____ (país) que lle sexan encomendadas, nos termos fixados pola Xunta de Galicia.

A sinatura deste documento non outorga ás persoas solicitantes ningún dereito á terminación do procedemento de adopción internacional dun/dunha menor, nin a que esta se produza nun tempo determinado.

Segunda. *Profesionais.*

A ECAI, a través das/dos seus profesionais, suxeitos/as ao réxime de actuación previsto no artigo 106 do Decreto 42/2000, levará a cabo as súas funcións de intermediación coa debida dilixencia e informará puntualmente as persoas solicitantes sobre o desenvolvemento do proceso.

CVE-DOG: 1kvzdyf5-mnk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

Terceira. Exclusividade.

Mediante a sinatura deste contrato, as persoas solicitantes comprométense a non iniciar durante a súa vixencia outro procedemento de adopción internacional en calquera outro país, agás expresa autorización da Xunta de Galicia segundo o previsto no artigo 89.3 do Decreto 42/2000, para os casos en que as autoridades dun país paralicen a tramitación de adopcións internacionais.

Cuarta. Obrigas da ECAI.

Son obrigas da ECAI:

Con carácter xeral:

1. Informar e asesorar as persoas solicitantes sobre a adopción internacional en xeral, o proceso adoptivo, as condicións específicas de tramitación en _____ (país) e a actuación da ECAI e manter actualizada a dita información.

2. Inscribir a solicitude das persoas solicitantes no Rexistro da entidade, por orde de entrada, reflectindo a data de recepción do certificado de idoneidade, da sinatura do contrato e das restantes fases de tramitación do expediente.

As persoas solicitantes deberán dispoñer de copia selada da súa solicitude en que se fará constar a súa data de entrada e o número de rexistro correspondente.

3. Completar, por petición das persoas solicitantes, o expediente de adopción internacional en calquera das súas fases, para o que obterá os documentos necesarios e procederá, se é o caso, a traducilos e a efectuar as xestións necesarias para a súa legalización e autenticación.

4. Desenvolver actividades de preparación e formación para a adopción adaptadas ao país de orixe da/do menor.

5. Remitir a documentación que conforme o expediente ao país de orixe da ou do menor, dirixíndoa á persoa que represente a ECAI no país e informando diso á xefatura territorial correspondente.

CVE-DOG: 1kvzdy5-mnk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

6. Presentar, a través da persoa que a represente, a documentación do expediente á autoridade competente no país, e informar as persoas solicitantes por escrito da data en que se produza esta presentación.

7. Manter informadas as persoas solicitantes e a correspondente xefatura territorial da situación da tramitación do expediente, poñendo no seu coñecemento os impedimentos e dificultades que poidan xurdir durante o proceso.

8. Seguir e activar o procedemento de adopción, mantendo os oportunos contactos cos organismos públicos competentes. Para tal efecto, reclamará, cando sexa necesario, os documentos pertinentes dos organismos que correspondan. Esta información será facilitada por escrito cando así lle sexa requirida.

9. Comunicarlles ás administracións competentes de calquera dos dous países intervinientes todas aquelas circunstancias que sobreveñan no transcurso da tramitación do expediente e que poidan supoñer modificación sobre a idoneidade ou cumprimento dos requisitos das persoas solicitantes

10. Xustificar documentalmente todos os pagamentos recibidos das persoas solicitantes e todos os gastos directos imputables ao expediente. A xustificación dos gastos indirectos realizarase mediante factura emitida pola ECAI a nome das persoas solicitantes; a dos gastos directos, mediante copia das facturas que amparan os ditos gastos, podendo as persoas interesadas exixir a exhibición do orixinal.

11. Facilitarlles ás persoas solicitantes o acceso ao seu expediente de adopción internacional e, se é o caso, entregar copias dos documentos que figuren no seu poder.

A partir de que se produza unha preasignación:

1. Recibir do organismo oficial do país de orixe da ou do menor o documento referente á preasignación da ou do menor.

2. Comunicarlle a preasignación á correspondente xefatura territorial, facilitándolle todos os datos dispoñibles sobre a ou o menor de que se trate e, en particular, aqueles que poidan ser máis relevantes de cara á aceptación, como as circunstancias de saúde e familiares da ou do menor e aquelas circunstancias que ocasionaron a súa declaración de adoptabilidade.

CVE-DOG: 1kvzdyi5-nmk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

3. Presentar no organismo oficial do país de orixe da ou do menor, a través da persoa que a represente, os documentos relativos á aprobación ou non da preasignación e da aceptación das persoas solicitantes.

4. Facilitar, cando sexa necesario, o outorgamento de poderes por parte das persoas solicitantes para a actuación de avogados/as e procuradores/as ou figuras análogas no país de orixe da ou do menor ante os órganos xudiciais ou administrativos competentes do dito país.

5. Informar as persoas solicitantes coa maior antelación posible do momento en que poidan trasladarse ao país de orixe da ou do menor para ultimar os trámites da adopción.

6. Acompañar as persoas solicitantes durante a súa estancia no país de orixe da ou do menor para a realización dos trámites e actuacións necesarias.

7. Asesorar as persoas solicitantes na resolución de incidencias que poidan xurdir durante a súa estancia no país en relación co proceso de adopción da ou do menor.

A partir da constitución da adopción:

1. Comprobar que a ou o menor reúne todos os requisitos para a entrada e residencia en España e que dispón de toda a documentación pertinente para o recoñecemento e eficacia da resolución estranxeira no noso país, sen prexuízo de que a valoración e decisión corresponda ás autoridades competentes do país de orixe ou de recepción.

2. Comunicarlle á correspondente xefatura territorial a constitución da adopción ou, se é o caso, a tutela legal con fins de adopción en España e a chegada da ou do menor ao noso país, facilitando unha copia da resolución de adopción ou de tutela.

3. Realizar e remitir ao organismo competente do país de orixe da ou do menor, cando así o requira e coa periodicidade que se sinala, os informes de seguimento da adaptación da ou do menor á súa nova familia, agás autorización expresa da Xunta de Galicia para non realizalos.

4. Asesorar e instar as persoas adoptantes para que soliciten a inscrición da adopción no Rexistro Civil, de non terse realizado no consulado español do país de orixe da ou do menor, así como para que propoñan a constitución da adopción plena en casos de tutela legal con fins adoptivos.

CVE-DOG: 1kvzdy5-nmk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

5. Comunicarlle á xefatura territorial correspondente e ao organismo competente do país de orixe da ou do menor que a resolución de adopción se inscribiu no Rexistro Civil ou consular correspondente e facilitarlle á xefatura territorial unha copia da inscrición rexistral.

6. Prestar servizos de apoio á ou ao menor adoptado e ás persoas adoptantes e, en caso necesario, orientar as familias cara a servizos de atención sanitaria, educativa ou outros.

Quinta. Obrigas das persoas solicitantes.

As persoas solicitantes de adopción están obrigadas a:

1. Participar nos procesos de formación e preparación para a adopción que leve a cabo a ECAI co obxecto de afondar no seu proxecto adoptivo.

2. Facilitar á ECAI en tempo e forma canta información sexa requirida para a tramitación do expediente, así como a documentación que necesariamente deba ser achegada ao longo de todo o proceso polas persoas solicitantes para a tramitación e incorporación ao seu expediente de adopción. A información facilitada deberá ser completa e certa.

3. Comunicarlle á ECAI coa maior brevidade posible calquera cambio que se produza nas circunstancias persoais, familiares ou de calquera índole recollidas nos informes psicossociais, así como calquera outra circunstancia relativa ao procedemento de adopción internacional.

4. Aboar á ECAI, na forma e condicións descritas na cláusula sexta deste contrato, o custo dos servizos de intermediación prestados, de conformidade cos cadros de gastos autorizados pola Xunta de Galicia.

5. Viaxar ao país de orixe da ou do menor cantas veces sexa necesario para o proceso de adopción cando llelo indique a ECAI.

6. Remitir ou entregarlle á ECAI, no prazo de 15 días desde a chegada a España, unha copia da resolución de adopción ou da tutela con fins adoptivos.

7. Cumprir co proceso de seguimento postadoptivo coa periodicidade e na forma exixida polo país de orixe da ou do menor. Para isto deberán facilitarlle coa suficiente antelación á ECAI as fotografías e calquera documento que se requira para completar os informes de seguimento e facilitar os ditos informes se, por causas xustificadas, non puidesen ser realizados pola ECAI.

CVE-DOG: 1kvzdyi5-mnk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

A autoridade central de _____ (país de orixe da ou do menor) obriga neste momento á realización de _____ (indicar o número de seguimentos) informes de seguimento durante os _____ anos posteriores á constitución da adopción (sinalar a súa periodicidade). O dito cumprimento queda suxeito aos posibles cambios no número e periodicidade dos seguimentos postadoptivos que poidan darse nun futuro.

8. Colaborar coa persoa que represente á ECAI e demais persoal desta seguindo as súas indicacións para o bo fin da adopción.

9. Recoñecer a ECAI como único intermediador no proceso de adopción, absténdose de manter calquera contacto directo coas autoridades e organismos do país de orixe da ou do menor para realizar actuacións que lle correspondan á ECAI.

Sexta. Réxime económico.

O custo total dos servizos de intermediación na tramitación do expediente ascende a _____ (cantidade en número _____). Esta cantidade inclúe os conceptos que se especifican no anexo I.

A ECAI que reciba un expediente xa iniciado só poderá cobrar a parte correspondente ás fases que sexa necesario realizar para completar a súa tramitación.

A realización de trámites ou xestións imprevistos necesarios para a tramitación do expediente será aboada polas persoas solicitantes e adecuadamente xustificada pola ECAI, cando estes vaian referidos a servizos de intermediación.

Non están incluídos no prezo do contrato e serán por conta das persoas solicitantes as probas ou revisións médicas complementarias da ou do menor asignada/o solicitadas polas persoas adoptantes, os seus gastos de viaxe, estancia e manutención, os gastos de estancia e manutención da ou do menor no seu país de orixe unha vez que lles sexa entregada/o ás persoas solicitantes e as viaxes da ou do menor.

O pagamento fraccionarase do seguinte modo:

– Primeiro pagamento: cando se asine o contrato aboarase o 50% dos gastos indirectos (_____) e efectuarase unha provisión de fondos de_____, que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do segundo pagamento.

CVE-DOG: 1kvzdy15-nrk9-ix8-ea18-dfc73rq5znj1

– Segundo pagamento: aos___ meses da sinatura do contrato/aceptada a asignación /antes do envío do expediente ao país, aboarase o 25% dos gastos indirectos (___) e efectuarase unha provisión de fondos de___, que corresponden aos gastos directos previstos ata a realización do terceiro pagamento.

– Terceiro pagamento: antes da realización da viaxe ao país/aceptada a asignación/ao chegar a España aboarase o 25% dos gastos indirectos (___) e efectuarase unha provisión de fondos de___, que corresponden aos gastos directos previstos para finalizar a adopción e realizar os informes de seguimento dos dous primeiros anos tras a adopción, se é o caso.

No suposto de que algún dos gastos directos deba realizarse en moeda estranxeira, a xustificación posterior precisará a data e o tipo de cambio a que se realizou.

Os seguimentos postadoptivos correspondentes ao terceiro e sucesivos anos ata completar o establecido polo país aboaranse no momento da realización do informe.

As cantidades dos diferentes pagamentos fraccionados aboaranse mediante transferencia bancaria á conta da ECAI núm.____ da entidade bancaria_____.

O incremento dos gastos indirectos producido desde a sinatura deste contrato en ningún caso suporá un aumento do prezo pactado, polo que o prezo desta intermediación non poderá ser modificado durante a vixencia do contrato, agás por causas sobrevidas debidamente xustificadas, que en todo caso deberán serlle comunicadas á Xunta de Galicia para a súa oportuna autorización antes da aplicación ás persoas solicitantes. De se produciren modificacións, estas afectarán unicamente aquelas partes da tramitación que no momento daquelas estean pendentes de realizar.

O prezo dos seguimentos do terceiro e sucesivos anos será o que figure no cadro de gastos vixente autorizado pola Xunta de Galicia no momento da súa realización.

Sétima. *Resolución.*

Serán causas de resolución deste contrato as seguintes:

- a) O incumprimento grave das obrigas por calquera das partes.
- b) A non aceptación da solicitude de adopción internacional polas autoridades competentes do país de orixe da ou do menor.

CVE-DOG: 1kvzdy5-nmk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

c) A declaración de non idoneidade das persoas solicitantes como consecuencia dun procedemento de actualización e/ou revisión desta.

d) A imposibilidade de continuar co procedemento por causas sobrevidas alleas á ECAI e ás persoas solicitantes.

e) A desistencia por parte das persoas solicitantes, que se poderá producir en calquera momento sen necesidade de xustificación ningunha coa simple comunicación por escrito desta circunstancia.

f) A revogación ou suspensión da habilitación da ECAI por causa imputable a esta, cando así se determine na resolución que para o efecto dite o organismo público competente.

Oitava. Paralización do expediente por causa imputable ás persoas interesadas.

A paralización do expediente por causa imputable ás persoas interesadas por prazo superior a tres meses dará lugar á devolución do expediente á Xunta de Galicia, que adoptará as medidas que procedan.

Novena. Liquidación.

1. Nos supostos de finalización do contrato por constitución da adopción procederase á liquidación das obrigas económicas da seguinte forma:

– Os gastos indirectos non se liquidan.

– Respecto dos gastos directos, as persoas solicitantes aboaranlle á ECAI ou esta devolveralles a aquelas a diferenza resultante entre as achegas realizadas e o custo real das actuacións.

2. Nos casos de resolución do contrato procederase á liquidación das obrigas económicas de acordo coas seguintes regras:

2.1. Cando a resolución se acorde polas causas recollidas nas letras b), c) e d) da cláusula sétima, a ECAI non devolverá os gastos indirectos aboados polas persoas solicitantes nin os gastos directos das actuacións efectivamente realizadas. As persoas solicitantes terán dereito a que a ECAI lles reembolse os gastos directos aboados e correspondentes a actuacións non realizadas.

CVE-DOG: 1kvzdyi5-nmk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

2.2. Cando a resolución se produza por incumprimento das obrigas por parte da ECAI ou pola revogación ou suspensión da súa habilitación por causas imputables a ela, a liquidación realizarase do seguinte modo:

– Se as actuacións realizadas pola ECAI conservan a súa validez e eficacia para a continuación do expediente, procederase do modo previsto no punto 1 desta cláusula.

– Se é necesario realizar novamente as actuacións levadas a cabo pola ECAI, esta debe devolver ás persoas solicitantes a totalidade das cantidades aboadas.

2.3. Cando o contrato se resolva por incumprimento das obrigas por parte das persoas solicitantes, pola súa desistencia ou por revogación ou suspensión da habilitación da ECAI non imputable a ela, esta non devolverá ningunha cantidade efectivamente aboada e as persoas solicitantes deberanlle á ECAI os gastos directos non aboados e correspondentes a actuacións efectivamente realizadas.

2.4. O establecido nos puntos 2.2 e 2.3 entenderase se prexuízo das posibles indemnizacións que poidan proceder polos danos causados.

Décima. *Confidencialidade.*

De acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, as persoas interesadas están informadas e aceptan a incorporación dos seus datos persoais aos ficheiros automatizados rexistrados na Axencia de Protección de Datos, os que se conservarán neles con carácter confidencial e tan só se porán en coñecemento das persoas que deban intervir no proceso de adopción. O titular do ficheiro é a ECAI ____, inscrita no Rexistro Xeral de Protección de Datos co núm. _____. As persoas solicitantes poden exercer, en todo momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición. Para iso teñen que dirixirse á ECAI, ao enderezo de correo electrónico _____, ou por escrito mediante carta dirixida á rúa _____.

No país de orixe da ou do menor será de aplicación a normativa de protección de datos daquel, non sendo responsable a ECAI do tratamento que dos datos poidan facer as autoridades do país de orixe da ou do menor.

En todo caso, as persoas solicitantes e a ECAI quedan obrigadas a respectar a confidencialidade dos datos das ou dos menores asignados durante todo o proceso adoptivo.

CVE-DOG: 1kvzdyi5-mnk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

Concluída a tramitación dun expediente e, se é o caso, o seguimento comprometido, a ECAI remitiralle á Xunta de Galicia a documentación que quedase no seu poder.

Décimo primeira. Responsabilidade civil.

En cumprimento do artigo 105.1.i) do Decreto 42/2000, a ECAI ten concertado un seguro de responsabilidade civil para garantir calquera tipo de responsabilidade deste carácter que derive do seu funcionamento.

Décimo segunda. Vixencia.

A vixencia deste contrato será a comprendida entre a súa sinatura e o remate do procedemento de adopción no país de orixe da ou do menor, xa sexa esta coa consecución da adopción ou coa súa denegación polas autoridades competentes do país de orixe da ou do menor.

A non aprobación da preasignación da ou do menor pola Xunta de Galicia ou a non aceptación por parte das persoas solicitantes por causas xustificadas non extingue este contrato, continuando vixente este para a continuación do procedemento.

En caso de consecución da adopción internacional, a duración do contrato inclúe os períodos de seguimento postadoptivos da ou do menor establecidos pola normativa aplicable do país de orixe desta ou deste, agás que por autorización expresa da Xunta de Galicia se acorde a non realización pola ECAI.

Décimo terceira. Xurisdición competente.

Para todos os conflitos xurdidos en relación con este contrato as partes poderán acudir aos tribunais e xulgados competentes correspondentes ao domicilio das persoas solicitantes, sempre que este radique en Galicia; noutro suposto, observarase o disposto na Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil. Todo o anterior, sen prexuízo das formas de solución extraxudicial de conflitos previstos no ordenamento xurídico.

Así mesmo, as persoas solicitantes poderán formular reclamacións ante a Xunta de Galicia polo funcionamento da ECAI ou no libro de reclamacións que para tal fin ten a ECAI á disposición destas.

E, en proba de conformidade, as dúas partes asinan este contrato por triplicado no lugar e data indicados ao inicio.

CVE-DOG: 1kvzdy5-nmk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

ANEXO I**Gastos indirectos**

En España:

a) Gastos de funcionamento¹:

1. Gastos de persoal.
2. Gastos de infraestrutura e equipamento.
3. Gastos de oficina, subministracións e outros.
4. Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros.

b) Formación e adaptación:

No país de orixe da ou do menor:

- Gastos de representante e outro persoal da ECAI no país de orixe da ou do menor.
- Gastos de infraestrutura e equipamento da oficina da ECAI.
- Gastos de oficina, subministracións e outros da oficina da ECAI.
- Gastos de asesoría, bancarios, seguros e financeiros.
- Achea a proxectos de axuda social e cooperación e de mantemento da acreditación no país.

Gastos directos

En España:

- Xestión de documentos.
- Gastos de legalización e autenticación.
- Gastos de tradución.
- Gastos de mensaxaría e correos.

CVE-DOG: 1kvzdy5-nmk9-lxl9-ea18-ofc73rq5znj1

- Taxas.
- Seguímentos postadoptivos dos dous primeiros anos: elaboración de informes, tradución, legalización e envío.
- No país de orixe da ou do menor:
 - Xestión de documentos.
 - Gastos derivados do rexistro do expediente no país.
 - Gastos de legalización.
 - Gastos de tradución.
 - Intérpretes (polo traballo relacionado co proceso de adopción).
 - Mensaxaría e correos.
 - Taxas e gastos derivados da tramitación da adopción (xudiciais e administrativos).
 - Visados e pasaporte da ou do menor.
 - Gastos médicos obrigatorios.
 - Desprazamentos das persoas adoptantes no país de orixe relacionados directamente co proceso de adopción.
 - Axuda e manutención da ou do menor desde o momento que determine a lexislación do seu país de orixe ata a entrega da ou do menor ás persoas adoptantes.

¹ As ECAI con sede central noutra comunidade autónoma distinta de Galicia deberán especificar os gastos indirectos de funcionamento da sede de Galicia e a porcentaxe que se aplica a Galicia respecto dos mesmos gastos da sede central.

Ligazóns en internet

Portal Galego de Adopcións

<http://adopcions.xunta.es>

- Información xeral sobre as ECAI
<http://adopcions.xunta.es/index.php?idMenu=23&idIdioma=2>
- Relación das ECAI acreditadas en Galicia por países de adopción
<http://adopcions.xunta.es/index.php?idMenu=44&idIdioma=2>
- Táboa dos países que permiten ou esixen que na tramitación interveña unha ECAI
http://adopcions.xunta.es/adjuntos/cEnlacesDescargas/212_2_taaboa.pdf
- Información dos países de orixe
<http://adopcions.xunta.es/index.php?idMenu=43&idIdioma=2>

Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade:

- Información xeral sobre as ECAI
<http://www.msc.es/politicaSocial/familiasInfancia/adopciones/adopInternacional/entidadesColaboradores/home.htm>
- Relación alfabética das ECAI
<http://www.msc.es/politicaSocial/familiasInfancia/adopciones/adopInternacional/entidadesColaboradores/relacionAlfabECAISs.htm>
- Relación das ECAI en función do país de orixe co que traballan
<http://www.msc.es/politicaSocial/familiasInfancia/adopciones/adopInternacional/entidadesColaboradores/relacionPaisECAISs.htm>
- Relación das ECAI en función da comunidade autónoma na que están situadas
<http://www.msc.es/politicaSocial/familiasInfancia/adopciones/adopInternacional/entidadesColaboradores/relacionCCAAECAISs.htm>

AS ECAI:

Galicia

- AAIM- “Asociación de Ayuda a la Infancia del Mundo”
<http://www.aimadopcion.org>

- **ACI – “Asociación para el Cuidado de la Infancia”**
<http://www.aciadopcion.org>
- **ADDIS-GALICIA**
<http://www.addisgalicia.org>
- **ADECOP**
<http://www.adecop.org>
- **BALBALIKA**
<http://www.ecaibalbalika.com>
- **BALMS**
<http://www.fundacionbalms.org>
- **INTERADOP**
<http://interadop.adopcion.org>
- **MIMO**
<http://mimoadopcion.org>
- **PIAO**
<http://www.piao.org>

Outras CCAA

- **3ai**
<http://www.adopciones3ai.com>
- **A.I.P.A.M.E.**
<http://www.aipame.org>
- **Adaima**
<http://www.adaima.org>
- **Adopta**
<http://www.adoptabcn.org>
- **AIST-“Asociación con las familias adoptantes”**
<http://www.aist.es>
- **Ajuda’m**
<http://www.ajudam.org>
- **Akuna Internacional**
<http://www.akunainternacional.org>
- **Amofrem**
<http://amofremetiopia.blogspot.com>

- **Andeni-ECAI**
<http://www.andeni.es/ecai>
- **ASEFA – "Asociación Española de Atención y Apoyo a Familia y Adopción"**
<http://www.ecai-asefa.org>
- **Asociación Cielo 133**
<http://www.cielo133.es>
- **Asociación Institut Genus**
<http://www.genus.es/ecai>
- **Behbey**
<http://www.behbey.es>
- **Créixer Junts**
<http://creixerjunts.org>
- **Familia Universal**
<http://www.familiauniversal.org>
- **Feyda**
<http://ecai.feyda.net>
- **Guney Africa**
<http://guneyafrika.blogspot.com> [www]
- **Infancia i Futur**
<http://www.infanciaifutur.es>
- **Instituto Tena de la Familia**
<http://tena.ecai.es>
- **IPI – "Associació d'Iniciativa Pro Infància"**
<http://www.ipi-ecai.org>
- **Le Petit Prince d'Interadop**
<http://petit.ecai.es>
- **Mami Wata**
<http://mamiwata.es>
- **Mundi Adopta**
<http://www.mundiadopta.org>
- **Namasté**
<http://ecainamaste.blogspot.com>
- **Nuevo Futuro**
<http://www.nuevo-futuro.org>



galicia



XUNTA DE GALICIA